


ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Abril - Maio - Xuño 2005]

ARTIGOS
O amianto II
Ferrol medieval

FALAMOS DO
V Foro Social Mundial

Os accidentes laborais

Presentación no Ateneo do audiovisual "Hai que Botalos"

Cineastas ferroláns na diáspora

Luis Jaime: "Antes del mercado"




nº 19

OUTRAS ENTIDADES Fervesteiro, **SERVICIOS, BREVES** Nova directiva, **O PARNASO, MULLER** Pequín + 10... e a **PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE**

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 44 33

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -





SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 19
Abril-Maio-Xuño
2005

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores




CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Maruxa Zaera Landeira

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Tono da Graña, Norman Lourido, Carlos Piñeiro Díaz, Andrés Pena Graña, Camilo Ces López, Mª do C. Krukemberg, Sergio Cobelo, Kike Benlloch.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CENTRO COMERCIAL ABERTO.



EDITORIAL



O primeiro trimestre deste quinto ano do terceiro milenio estanos a ofrecer todo un espectáculo que nos merece unha profunda reflexión.

- Europa vaise consolidando pasiño a pasiño e, aínda que con discrepancias e rexeitamentos nas formas e no fondo (lóxicas, dada a rica diversidade da que gozamos), indubidablemente avanzamos.

- O planeta está un pouco tolo: tremores, maremotos, frío intenso, nevadas inusuais, sorprenden sobre todo en lugares onde non se esperaban.

- A tan ansiada estabilidade, o establecemento da PAZ dun extremo a outro do Planeta segue a parecer unha utopía inalcanzable. Non se entende que, a nivel interno dos países (da maioría) a democracia e o rexeitamento da violencia para acadar obxectivos políticos sexa norma imprescindible e proposta por todos (menos polos violentos antidemocráticos) e, pola contra, as grandes potencias, aínda con xestos e formas de imperialismos, arrasan cos seus potentes medios bélicos países e pobos coa desculpa de eliminar ditadores e impoñer a democracia .... Claro que o fan con carácter "selectivo", curiosamente onde hai "algo" que non se está administrando ao seu gusto. Os países moi pobres, con problemas internos, fame e violencia, se non teñen nada que "apañar", non existen, nin miran para eles, non teñen interese..., salvo que, ao mesmo tempo, –hai algún caso, desgraciadamente– estean na procura de armamento atómico ...

- No noso país, ESPAÑA (para que non haxa dúbidas), as convulsións políticas e a acomodación-definición da estrutura do Estado, a estas alturas, parecen estar aínda por resolver. Con citas electorais á vista, dos seus resultados poden depender fortes confrontacións ou avances na desexada e racional acomodación democrática (principalmente dos políticos), que alonxe definitivamente pantasmas non desexadas que ás veces parecen amosarse nas declaracións duns e doutros.

Como un aderezo inesperado deste panorama, tamén aquí, incendios, fochancas, naufraxios, frío e neve como nunca, descobren imperfeccións, dubidosas xestións e falla de prevención e previsión suficiente en infraestructuras, cidades, etc.

Feitos coma o dos túneles, o Windsor, o caso ENCE, o aínda non superado PRESTIGE, que "florece" nas praias e costas e pode volver suceder, condúcenos inevitablemente a moitos ferroláns a un lugar fatídico: PUNTA PROMONTOIRO, e ao empeño obsesivo de continuar alí coa instalación dunha PLANTA REGASIFICADORA de gas natural licuado, que de culminarse (penso que será imposible) constituiría unha ameaza permanente para miles de cidadáns que vivimos no seu arredor.

Digo *imposible* porque os parámetros necesarios para obter o permiso de operación non se dan e non poden darse. Son estes:

- distancias a núcleos de poboación.
- distancia ás bases e instalacións militares
- garantías e marxes de tránsito dos gaseiros polo canal de entrada e saída da ría.
- garantía de evacuación dos gaseiros a alta mar.
- evacuación da poboación nos distintos supostos de accidentes que é obrigado analizar.
- efectos nocivos irreversibles para a vida mariña e as súas consecuencias para a pesca e o marisqueo.
- Etc.

Gustaríanos saber como van resolver a COBERTURA do SEGURO que obrigatoriamente teñen que facer e que supoñemos están a negociar. ¿Con quen?, ¿En que condicións?, ¿Con que cobertura?, ¿Con que custo?

Tamén sería interesante facer unha reportaxe coas caras e reaccións dos veciños cando reciban explicacións dos plans de EVACUACIÓN que habería que facer diante de emerxencias, de diversos supostos de emerxencias posibles. Explicacións e plans aos que están obrigados pola normativa moito antes do posible comenzo da actividade.


Non confiamos obter respostas e aclaracións a estes temas de capital importancia e transcendencia. Si pensamos que a cidadanía, pouco a pouco, diante da contundencia dos feitos, das preguntas sen resposta e do silencio de tantos RESPONSABLES e medios de comunicación cómplices, vai tomando conciencia de que algo gordo se está a cociñar, e confiamos en que na próxima Revista poidamos anunciar algo tranquilizador para todos.

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Distrito Son. Nº 1
Revista mensual de información musical galega
Ed. CDF Comunicación
D.L.: PO-459/04



Cerna. Nº43
Revista galega de ecoloxía e medio ambiente
Ed. ADEGA
ISSN: 1136-2677




Greenpeace. Nº72
Revista trimestral
D.L.: M-23917



Fadamorgana. Nº10
Ed. Atlántica de información e comunicación de Galicia
ISSN: 1575-9520



Omáximo. Nº4
Ed. Asociación cultural Pulsar
ISSN: 1695-825X



Iniciativas 21. Nº 1
Fabiola Sotelo (dir.)
D.L.: C-2825-2004

PRENSA

local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Novas da Galiza

La Opinión de A Coruña

El País

El Mundo

Mundo Obrero

Le Monde Diplomatique

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA VIDEOTECA, ENTRE OS QUE DESTACAN:

71 documentais

50 curtametraxes, dos máis importantes directores.


140 longametraxes, de destacados autores como Chaplin, Einsenstein, Hitchcock, Welles, Huston, Buñuel, Almodóvar, etc.

Ademais de obras de teatro, música...




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




Venus na lareira. Comedia para Esmelle
Eduardo Fra Molinero
Ed. Asociación de mulleres rurais Río d'Aneiro
D.L: C-427/2005



Desde el mar que perdiste
Manuel Pillado
Ediciós do Castro, 2002
ISBN: 84-8485-050-1




As humanas proporcións
Xesús Constela Doce
Ed. Galaxia, 2004
Premio Torrente Ballester2003
ISBN: 84-8288-721-1




Homes de ferro en barcos de madeira. *Aqueles pescadores de A Coruña*
E. Piñeiro de San Miguel y A. Gómez Blanco
Coruña, 2004
ISBN: 84-604-0059-2


ESTA A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS, O CATÁLOGO INFORMATIZADO DOS FONDOS DA BIBLIOTECA.



Colección histórica de periódicos del museo de La Voz de Galicia
X.R. Barreiro Fernández
Fundación La Voz de Galicia
D.L.: C-1886-2001



As galeras de Normandía
Ramón Loureiro
Ed. Xerais, 2005
ISBN: 84-9782-266-8




As mulleres de Narón
Xosé Leira López (dir.)
Ed.Concello de Narón, 2004
ISBN:84-95460-37-8



Hai que confiar na esperanza
Siro López
Ed. Xerais. ISBN: 84-9782-212-9
Premio Àlvaro Cunqueiro de textos teatrais 2003

NON
Ó PR€STAMO
D€ PAGO
€N BIBLIOTECAS



CINEASTAS FERROLÁNS NA DIÁSPORA

CINEASTAS FERROLÁNS NA DIÁSPORA

Por Norman Lourido
basesanxoan@hotmail.com

IV XORNADAS DE CURTAMETRAXES DO ATENEO FERROLÁN
27 AO 30 DE DECEMBRO DE 2004


Dende comenzos dos 80 vénse discutindo se o **cine galego** existe. Probablemente sexa máis apropiado falar de cine feito en **Galicia** ou do cine feito por galegos. A primeira dúbida que nos asalta é definir o que é **cine galego**: a publicidade institucional utiliza como criterios que unha porción do capital ou do equipo técnico sexa galego, que o idioma de rodaxe sexa o galego, etc., pero segundo estes criterios aparecen como galegas películas que só son galegas a efectos estatísticos e nada máis; e o **cine galego** en cuestión non aparece por ningures. Sirva ***Mar adentro*** como excepción que confirma esta regra e, tamén, para avivar aínda máis as dúbidas sobre as características específicas desta suposta cinematografía nosa... dos galegos, digo.

Ao mesmo tempo, nos últimos anos o panorama cinematográfico do noso país está a experimentar un avance en canto á cantidade e, aínda que en menor medida, tamén na calidade das súas producións. Mais, a pesar da aparente potencialidade do audiovisual, aínda non existe un apoio gobernamental regrado, cunhas bases sólidas, que subvencione e promova en condicións mínimas o cinema do país e axude a avanzar e asentarse a un sector que non comezou unha actividade máis ou menos regular até a década de 1980 ou 1990. Tampouco axuda que, namentres as empresas audiovisuais galegas encargan a dirección ou realización de boa parte dos seus traballos a cineastas de fóra de Galicia, e empresas e cineastas foráneos utilizan as nosas paisaxes, actores e historias para levar a cabo os seus exitosos (aínda que no 90% dos casos non é así) traballos, moitos dos creadores audiovisuais galegos máis mozos teñen que marchar e triunfar coas súas propostas polo mundo adiante. O que moitos non saben é que un bo número destes novos autores son ferroláns. O **Ateneo**, do 27 ao 30 do pasado decembro, desenvolveu as **IV Xornadas de Curtametraxes**. Entre os distintos apartados que ofreceu ao longo deses catro días destacou o dedicado a reivindicar a obra dos curtametraxistas ferroláns novos, algúns dos cales son responsables de traballos en 35 mm (formato profesional de cine) seleccionados e premiados en festivais españois e internacionais e, na maioría dos casos, obviados por todas as produtoras cinematográficas galegas.

Dos seis cineastas protagonistas deste apartado, **Isabel Ayguavives** é a única muller (desgraciadamente). Esta moza ferrolá vive en Madrid dende que hai algúns anos atopou un oco traballando nunha das televisións privadas nacionais. Coa súa curta ***La Valiente*** venceu no Curt Ficcións 2004, na VII Mostra de Cinema Jove de Elx, na XIII Muestra de Cine Internacional de Palencia ou na XVII edición do Certamen de Cortometrajes de la Semana del Cine Español de Carabanchel, entre outros galardóns. "*A mi me costó mucho tiempo y esfuerzo llegar a sacar adelante este primer trabajo. Antes de* La Valiente *hubo otros intentos, guiones fallidos que nunca rodé. El cambio llegó cuando por encima del deseo de 'hacer un corto' se impuso la necesidad de 'contar algo'. Si alguien siente esa necesidad no abandonará hasta que lo consiga, y si el resultado es bueno, como en este caso, te llega una enorme inyección de ánimo para afrontar el siguiente paso*". Non ten présa en dar o salto á longametraxe. "*Pasito a pasito*", continúa dicindo nunha entrevista para un xornal dixital: "*¡¡Si sólo he hecho una pieza de cinco minutos!! En marzo del 2005 rodaré un nuevo corto. Nada más por el momento. Claro que espero algún día llegar al largo, y supongo que es*



Fotograma de *La Valiente*, de Isabel Ayguavives



De esquerda a dereita: Isabel Ayguavives, Rubén Coca, Carlos Alberto Alonso e Paco Rañal

necesario un aprendizaje previo que no tengo ningún interés en acortar. Pero hay una historia sobre la que he estado recopilando información y que me gustaría abordar en el futuro, más adelante. A mí es que lo de hacer planes y predicciones mucho más allá de pasado mañana, pues... Ya veremos. De momento estoy muy ilusionada, con muchas ganas".


Ruben Coca (www.rubencoca.com), admirador da obra de autores tan dispares como David Fincher ou Ernest Lubisch, leva tamén anos vivindo en Madrid, onde fundou a súa propia produtora. Alí especializouse na dirección e na edición, aínda que tamén elaborou os guións das curtametraxes ***La Vida Mata***, ***El fruto del tedio***, ***Aquí no hay playa*** e ***Notamotof***, todos eles dirixidos por el e emitidos polas canles de televisión Canal+ e TVE Internacional. Ademais, o seu último traballo xa foi seleccionado ao longo do último ano en Manresa, Ponferrada, Xerez, Buenos Aires, Grecia, Berlín e Ourense: *"[...] mis objetivos a corto plazo se fundamentan en conseguir la ayuda necesaria para financiar alguno de los guiones de cortos que tengo escritos. Por otra parte, también estoy contemplando la idea de abarcar la producción de trabajos de otros directores, así como encargarme de la dirección de un festival audiovisual en Galicia. Pero, de momento, el día a día me sitúa continuando con mi trabajo al frente de la sección cinematográfica de la revista de arquitectura y cine Postboks (www.postboks magazine.com) y la realización de trabajos corporativos, publicitarios y de televisión"*. Respecto do futuro do audiovisual galaico tamén ten o seu punto de vista: *"Hoy en día se está viendo como fundamental la idea de promocionar y apoyar al audiovisual. En este sentido, es de desear que este apoyo favorezca realmente el desarrollo de cortos en Galicia, y así poder decir que aquí realmente se puede apostar por el cortometraje como producto válido artística y comercialmente. Por experiencia propia con mi último cortometraje* ***Notamotof****, que cuenta con el apoyo en distribución por parte del* ***Consorcio Audiovisual de Galicia****, estas ayudas son muy importantes a la hora de promocionar nuestro trabajo en festivales, prensa, internet, televisión, etc. Hacen que la película pueda ser vista por un mayor número de personas y tenga mayor cobertura nacional e internacional. Es un apoyo con el que antes no se podía contar y que puede asentar las bases para un incremento en la producción de cortos y así facilitar el surgimiento y desarrollo de nuevos directores que den mayor frescura al panorama cinematográfico actual de Galicia".*




Imaxe de *Océano*, curtametraxe de Pablo Sixto


A **Pascual Sisto** (www.modulezeromedia.com/oceano) descubrímolo na pasada edición do programa Versión Española de La2, e foi alí onde soubemos da súa orixe ferrolá. Inmediatamente puxémonos en contacto con el. O rapaz vive nos Estados Unidos, en Los Ángeles, nin máis nin menos. *"El miércoles a las dos de la tarde el mundo sucumbirá bajo el agua. La lluvia no cesará y con cada muerte, todo lo conocido morirá. Porque cuando alguien desaparece, todo desaparece. En dos días dejarás de ser"*. Con estas palabras, da boca dunha enigmática voz en off, ábrese ***Océano***, a curtametraxe de Pascual, unha película de produción norteamericana e rodada na Arxentina con populares intérpretes arxentinos nos papeis principais. O seu ton, a desesperanza das súas imaxes e do relato, a desolación da paisaxe na que se desenvolve a historia, o pesimismo do seu protagonista, fan deste traballo unha moi destacable obra, sorprendente coma a propia traxectoria transoceánica do seu autor.

Juan Pablo Etcheverry (www.minotauromaquia.com), aínda que naceu en Montevideo, pasou a súa infancia en Santiago de Compostela, e durante algúns anos viviu en Ferrol, onde impartiu clases sobre a súa especialidade nunha coñecida academia de arte. Agora, por motivos profesionais, reside na Coruña. Dedicase á creación de curtametraxes de animación e neste momento está vivindo a promoción e o éxito do seu último traballo, ***Minotauromaquia, Pablo no labirinto*** (que vén de estar nomeado aos Goyas do cine español, na categoría de mellor curtametraxe de animación). *"En este momento estoy trabajando en un proyecto de largometraje, algo mucho más complicado que un corto, pero igualmente ilusionante. Se trata de una historia de ciencia ficción con un aspecto retro-futurista, pero no me gustaría hablar demasiado del proyecto, fundamentalmente porque todavía es una historia en constante evolución. Respecto a Galicia, y no sólo aquí sino en todo el estado español, hay mucha creatividad y muchos trabajos, pero no es nada fácil conseguir ver las obras que hacen otros gallegos o los cortometrajes que se están llevando a cabo en todo el estado, y mucho menos trabajos que se desarrollan en otros países".*






Cartaces de *Notamotof*, de Rubén Coca, arriba e *Minotauromaquia*, de J. P. Etcheverry, abaixo.







As Muxicas e *Inútil* de C. A. Alonso

Carlos Alberto Alonso (www.asmuxicas.com), coa súa curta ***As Muxicas***, gañou na V Edición de Fecinema (Festival de Cine Negro de Manresa), no 14° Festival Internacional da Curtametraxe de Cergy Pontoise (Francia), no VI Festival de Cortometrajes de Cambrils e no VI Festival Internacional de Cortometrajes La Boca del Lobo en Madrid, por citar algúns dos máis de 60 eventos aos que asistiu. Como director ten no seu haber varias producións en diferentes formatos, entre os que destaca a curtametraxe ***The End***, o videoclip ***Superheroe: Blood Filloas*** para o Xabarín Club, ou ***Gorevisión***, o irrepetible programa musical da extinta televisión de Narón. Este ferrolán-fenés, admirador de cineastas coma Sam Peckinpah ou John Ford, é un polifacético creador que leva xa seis anos vivindo en Barcelona, a onde marchou para especializarse en dirección cinematográfica e guión despois do seu paso pola **Escola de Imaxe e Son da Coruña**. Xusto neste momento está preparando a súa nova curtametraxe, ***Belladona***, na que volverá a utilizar as paisaxes da nosa terra como decorado, e para a que conta co compromiso do recentísimo premio Goya, **Celso Bugallo**, e coa que está a piques de converterse na súa actriz fetiche, **Fely Manzano,** para desempeñar os principais papeis: "*Son consciente de que isto de facer cine galego dende Cataluña pode parecer a primeira vista unha tolemia, pero en realidade é sinxelo de entender. Eu emigrei para poder cumprir o meu soño: ser director de cine, xa que aquí cada vez mo poñían máis difícil; pero é que, ao mesmo tempo resulta que outro dos meus soños é vivir do meu traballo... en Galicia. É dicir, cando poida xuntar as dúas cousas, facer cine e vivir preto da miña verdadeira casa, entón estará todo perfecto... a triste realidade é que a medida que pasa o tempo, cada vez estou máis convencido de que a perfección non existe*".

«...a nosa cultura non termina de ter unha cinematografía que a represente con obxectividade, coherencia e autenticidade no resto do mundo.»

Non ten proxecto un dos grandes talentos do cine galaico, **Paco Rañal**. Este antigo alumno da **EIS** coruñesa é director da aclamada curta ***Coruña imposible***, que obtivo o recoñecemento público á mellor curtametraxe galega dos anos 90 co premio que lle concedeu o **Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)**. Déronlle tamén por esta creación a medalla de bronce no Festival de Nova York, e a mención de honra no Video Film and Video Expo celebrado en 1997, tamén en Nova York. Ademais, é o responsable dos non menos interesantes ***Domingo*** e ***Inútil***. Na actualidade Rañal é profesor de física no instituto de Vila de Cruces. "*Dirixir unha longa é unha 'espiniña' que teño cravada e que se me vai infectar*", asegura desmoralizado. Hai anos moveu o guión dunha película (***Mario de Langullo, a historia dun maquis***) entre as produtoras galegas, pero llo rexeitaron. Leva tempo desconectado do *mundiño* audiovisual galego, pero esperamos e desexamos que deixara algunha porta aberta, como parece apuntar nunha das súas últimas declaracións aos medios: "*dedícome a isto para contar as miñas historias, e se non teño historias, non as vou forzar. Xa me xurdirá, máis tarde ou máis cedo, algo que contar*".



J. P. Etcheverry preparando unha toma

Todos eles forman parte dunha xeración que xerminou a raíz da aparición da o: **Escola de Imaxe e Son da Coruña.** Aínda que non todos pasaron por ela, foi sen dúbida este centro un aliciente para moitos rapaces e rapazas, que viron cómo xente da súa idade que cursaba estudos nela podía facer curtametraxes en Galicia. Non obstante, despois, estes traballos, realizados entre 1994 e 2000, tiveron unha distribución e –por tanto– unha repercusión nefasta. Son todo un grupo de novos autores que deberían ter sido unha verdadeira nova xeración.

No informe **Audiovisual Galego 2003**, promovido curiosamente pola propia **Xunta de Galicia**, conclúese que a idade media dos directores galegos de longametraxes que estrearon ou rodaron no bienio 2001-2002 é de 42 anos (xente coma **Antón Reixa, Xavier Villaverde, Juan Pinzas** ou **Hector Carre** entre outros), cando a media noutras cinematografías, como a española, está en 32 anos, dez menos. Todos estes cineastas tiñan que ter debutado algúns anos antes e non o fixeron por falta de industria. Son xente que cando tivo ocasión ofreceu e continúa ofrecendo uns produtos que a todas luces non conectan co público. Algúns consideran que se tiña "*unha débeda histórica*" con esa veterana xeración (outros non temos termos tan politicamente correctos para definilo), e de aí que se demorase tanto un "cambio de quenda" que, ademais, aínda non chegou. Non houbo confianza dos produtores na xente nova, e si unha absoluta falta de oportunidades. Por isto non se produciu unha renovación xeracional no **cine galego,** e quizais por iso moitos marcharon.

Mentres todo isto pasa, vemos cómo os grandes premios e as grandes recadacións de películas sobre Galicia, con actores galegos, coa nosa paisaxe como plató natural inigualable, son para outros, "*outros que non somos nós*", que diría a famosa copla. Quizais haberá quen pense que merecidamente, iso xa é cuestión de gustos. Pero non deixa de ter un algo de inxusto que tantísima xente con demostrada preparación non teña nin a opción de intentalo, de demostralo, e ano tras ano Galicia continúe a vivir unha intermitente fuga de talentos. Poucos voltan. É preocupante que pasen as décadas e en certos ámbitos as cousas mudaran tan pouco, que ninguén estea disposto a facer nada, e así a nosa cultura non termine de ter unha cinematografía que a represente con obxectividade, coherencia e autenticidade no resto do mundo.

A XUNTA DE GALIZA ACORDOU DECLARAR, CON VALENTÍA E XUSTIZA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2005

ADICADO A

LORENZO VARELA

Xesús Lorenzo Varela Vázquez naceu en 1916 a bordo dun barco á entrada da baía da Habana. Fillo de emigrantes orixinarios de Monterroso (Lugo), en 1920 trasladouse coa súa familia a Buenos Aires, mais a finais dese mesmo ano regresarían a Galiza, instalándose en Lugo. Alí fixo o bacharelato e nun acto do Partido Galeguista celebrado nesa cidade en 1932 coñeceu a Castelao e Suárez Picallo. Ao seu abeiro ingresou nas fileiras do nacionalismo, compartindo militancia nas Mocidades Galeguistas con **Fernández del Riego**, **Celso Emilio Ferreiro**, **Carvalho Calero** e **Ramón Piñeiro**, nun momento en que radicalizan o seu posicionamento e se declaran "arredistas". Nestes anos coñeceu a Ánxel Fole, con quen mantería unha profunda amizade.

En 1935 Varela trasládase a Madrid, onde se incorpora ás Misións Pedagóxicas e ao equipo de redacción de *PAN* (Poetas, Andantes e Navegantes), revista en que publicaban Rafael Dieste, Antonio Baltar e Otero Espasandín. Na tertulia do café La Granja del Henar coñeceu, ademais, a artistas mozos como Granell, Laxeiro, Maside e Colmeiro.

No momento do alzamento militar, Varela, integrado na Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura, enroloúse como miliciano e afilioúse ao Partido Comunista. Durante a guerra percorreu as diferentes frontes, alentando coas súas publicacións xornalísticas o espírito revolucionario dos combatentes. En 1937 tomou parte no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascitas celebrado en Valencia.

Combateu baixo o mando de Lister e, finalizado o conflito armado, atravesou os Pirineos e ficou durante uns meses nos campos de refuxiados de Argéles-Saint Cyprien, en Francia. En maio de 1939 conseguiu embarcar para México, onde recuperaría o seu labor xornalístico, e onde traballou con Octavio Paz. Dous anos despois reencontrouse co seu pai en Buenos Aires, Arxentina, cidade en que o agardaban intelectuais amigos como **Luís Seoane**, Rafael Dieste e Arturo Cuadrado, que nesa época fixeron deste país a primeira potencia editora en fala hispana, fundando editoriais como *Sudamericana*, *Losada*, *Emecé*, *Botella al Mar*, etc. Na capital arxentina recuperou a actividade política e exerceu como crítico de arte e tradutor de portugués.

O golpe de Estado do xeneral Videla en 1976 forzou a Varela a un segundo exilio pola dictadura Arxentina. Ameazado polas organizacións paramilitares de ultradereita, saíu precipitadamente do país pola fronteira brasileira e desde alí regresou a Madrid. O apoio de **Isaac Díaz Pardo** e **Ramón de Valenzuela** resultoulle fundamental para iniciar esta nova etapa, chea de illamento e dificultades. Refuxiado na Galería Sargadelos, dedicouse ás traducións e frecuentou a tertulia do café Gijón.

Só e sen ningún tipo de recoñecemento, Lorenzo Varela morreu en Madrid o 25 de novembro de 1978. O seu corpo foi soterrado no cemiterio familiar de Monterroso.

Alén da súa produción poética e xornalística en español, a contribución de Varela ás nosas letras concretouse en *Catro poemas pra catro grabados* (1944), con ilustracións de Luís Seoane, e no poemario sobre a guerra civil e o exilio *Lonxe* (1954). ✠


SOLICITUDE DE PERMISO DA BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA AO ATENEO FERROLÁN

Nesta ocasión desexamos reproducir algún dos textos incluídos no nº 2 (Ano II) dos *Cadernos do Ateneo Ferrolán*, publicado en decembro de 1983 e dedicado a Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Luís Seoane, para o que solicitamos a súa autorización. Como non podería ser doutra maneira, indicaríase a procedencia dos mesmos e recolleriamos nos agradecementos ao Ateneo Ferrolán.

Asdo: Biblioteca Virtual Galega

Lorenzo Varela
(1916 - 1978)



MÉDICO E HUMANISTA
AGUSTÍN SIXTO SECO

por Juan J. Burgoa

Desde sempre a profesión médica, quizais pola súa proximidade á natureza humana, tivo entre os seus integrantes a notables representantes nos eidos da cultura e do humanismo. Son moitos os médicos que no seu tempo libre tiveron unha singular afición, e incluso unha especial dedicación, ao campo literario. Particularmente en Galicia houbo unha longa tradición de médicos humanistas, sendo relativamente abondoso o número de persoas desta profesión que tiveron relevancia en diversas manifestacións do mundo cultural.



Así, nunha breve escolma temos, ademais do sobranceiro escritor e artista Alfonso Castelao, literatos como Barcia Caballero, poetas como Valentín Lamas, estudiosos da lingua como Leiras Pulpeiro e prolíficos ensaístas como Novoa Santos, Rof Carballo e García Sabell. No campo específico e profesional de divulgación escrita da medicina cumpre lembrar a obra do ilustrado Fernando Oxea e máis tarde aos santiagueses Varela de Montes e Gil Casares.

«Desde sempre a profesión médica, quizais pola súa proximidade á natureza humana, tivo entre os seus integrantes a notables representantes nos eidos da cultura e do humanismo. ».

Nos máis específicos eidos da etnografía galega, a cultura tradicional e a medicina popular cumpre destacar os nomes de Jesús Rodríguez López –perseguido autor do popular libro *Supersticiones de Galicia*–, Pérez Hervada e Lis Quibén. En Ferrol tamén temos casos coñecidos como o investigador e estudioso da historia Santiago de la Iglesia, o literato Cabo Pastor e o pintor e escritor Emiliano Balás. Nesta abondosa nómina de intelectuais débese incluír ao médico mugardés Agustín Sixto Seco.

Cando estaba a morrer o ano 2004, na madrugada do pasado 30 de Decembro, falecía en Santiago de Compostela Agustín Sixto Seco, unha figura intelectual que estivo presente nas actividades culturais galegas desde o ano 1950, no que formou parte do grupo de fundadores da Editorial Galaxia, sendo logo membro do seu Consello de Administración.

Nacido en Mugardos o ano 1926, licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago. Especializado en Ortopedia e Traumatoloxía, na súa actividade profesional desempeñou múltiples cargos directivos e pertenceu a diversas entidades e sociedades médicas galegas, españolas e estranxeiras, tendo unha presencia relevante nos numerosos congresos nos que participou. Foi fundador da Sociedade de Ciruxía Ortopédica e Traumatoloxía de Galicia. Desde o ano 1985 dirixía o complexo médico santiagués "La Rosaleda", que fundou o ano 1964 xunto con Domingo García-Sabell e outros ilustres profesionais da medicina compostelán.

No eido cultural desenvolveu unha intensa e continuada actividade, facendo patente a súa presencia en numerosas entidades e asociacións e mantendo relacións con importantes figuras do mundo intelectual da nosa Comunidade. Aínda que as publicacións que deu ao prelo foron practicamente de índole exclusivamente médica, destacou tamén como ameno conferenciante e prolífico articulista de prensa en diversos periódicos galegos.

A súa morte era presidente do Patronato Rosalía de Castro e durante vintecinco anos foino da Fundación Otero Pedrayo. Así mesmo foi o primeiro secretario do Consello da Cultura



Galega, e membro da Fundación Penzol, Instituto Galego de Información, Fundación Camilo José Cela e Patronato do Museo de Pobo Galego.

Aínda que nun sentido estricto non foi un político exercente, o seu cordial temperamento e o seu comprensivo talante (ese concepto hoxe tan en boga), fixéronlle participar na fundación do grupo Realidade Galega, unha plataforma con persoas de variada ideoloxía, que levou a cabo un interesante labor nos momentos previos á recuperación da autonomía de Galicia.

Home de fondo compromiso co idioma galego e de profunda e sincera relixiosidade, tivo tamén vinculacións co mundo da música, sendo rondallista de honra do Club de Campo ferrolán, e do deporte, nomeado socio de honra do Club Galicia de Mugardos. Precisamente na vila mugardesa tivo lugar un dos seus derradeiros actos públicos na nosa comarca, presentando en Maio de 2004 a recentemente publicada Historia de Mugardos.

Vencellado a Ferrol, onde tiña lazos familiares, visitou con frecuencia a nosa cidade. Da súa relación co Ateneo Ferrolán cumpre lembrar que en dúas ocasións pronunciou senllas conferencias no mesmo. Como bo coñecedor do mundo da emigración, fixo tamén un documentado traballo que titulou "Xentes de Ferrolterra na emigración americana", incluído dentro do Caderno que esta entidade publicou no ano 1999. Así mesmo, en xuño do ano 2001 publicou o artigo "Lembranzas de Ferrol" no número especial 25 aniversario da revista *Atenea*.

Aínda que a miña relación persoal co doutor Sixto Seco foi recente, nos derradeiros tempos tiven con el unha constante e fluída relación. Como coñecedor do mundo ferrolán, que tan ben seguía desde Santiago, e como estudioso do mundo da emigración, lle pedín que me fixera un prólogo para a biografía que daquela estaba a preparar sobre un notable personaxe ferrolán, o marqués de Amboage. Espero que pronto vexa a luz esa publicación co fermoso prólogo que tivo a ben facerme. Para min será a mellor homenaxe e a merecida lembranza que podería lle facer a un home xeneroso. ∞

«Bo coñecedor do mundo da emigración, fixo un documentado traballo que titulou "Xentes de Ferrolterra na emigración americana", incluído dentro de *Cadernos do Ateneo Ferrolán* do ano 1999».



PECHE DO FSM: OS MOVEMENTOS SOCIAIS APROBAN UN PLAN DE ACCIÓN CONTRA A GUERRA E O NEOLIBERALISMO

V FORO SOCIAL MUNDIAL (FSM) XANEIRO 2005

A Asemblea dos Movementos Sociais que se realizou o luns 31 de xaneiro de 2005, último día do V Foro Social Mundial (FSM) en Porto Alegre, destacou o éxito da súa participación plural e masiva no evento, pois lle permitiu fortalecer novas converxencias, diversidades e accións comúns para estender e fortalecer as súas loitas. A Asemblea concluíu coa aprobación dunha axenda de acción contra a guerra, o neoliberalismo, a explotación e a exclusión, elementos fundamentais na construción *doutro mundo posible*.



Algúns dos slogans das manifestacións en Porto Alegre

Os centos de delegados e delegadas que participaron na Asemblea aprobaron un chamamento no que se resume o espírito das denuncias, demandas e propostas dos movementos sociais nestes cinco días de traballo no FSM, no que a guerra, o libre comercio e o neoliberalismo foron postos na picota, pois son incapaces de ofrecer un futuro digno e democrático á humanidade.

Ante esta incapacidade, o neoliberalismo responde á súa crise de lexitimidade coa forza, a militarización, a represión, a criminalización das loitas sociais e o autoritarismo político e ideolóxico. Fronte a esta realidade, os movementos sociais aprobaron unha ampla axenda de loita na que destacan mobilizacións contra a débeda externa, o libre comercio, o ALCA e a OMC, así como pola defensa da reforma agraria, a agricultura familiar, e a defensa das experiencias políticas de pobos irmáns, como Venezuela, Cuba, Palestina e Iraq, que se enfrontan ás agresións do imperialismo norteamericano.

Entre as accións destacan a campaña para esixir *"a inmediata e incondicional cancelación da débeda externa dos países pobres"*. Así mesmo, *"para que se recoñeza internacionalmente a estes países como acredores das débedas históricas, sociais e ecolóxicas"* e que se restauren os danos ocasionados no medio ambiente.

Con relación aos tratados de libre comercio, o chamamento sostén que estes buscan a legalización dos privilexios das transnacionais, así como a privatización dos servizos públicos. Respecto ao tema da guerra, esíxese a fin inmediata da ocupación norteamericana en Iraq, para o que se convocou a unha mobilización global para o 19 de marzo.

Fronte á problemática dos movementos campesiños e indíxenas e a agricultura, o chamamento defende o dereito universal a unha alimentación sa e suficiente, o dereito dos campesiños a producir os seus propios alimentos, e manifístase en contra dos subsidios ás exportacións agrícolas dos países desenvolvidos, así como dos cultivos transxénicos, que destrúen as economías dos pobos rurais.

Esixen tamén unha reforma agraria que garanta o acceso dos campesiños á terra, que sexa garantía dunha alimentación suficiente para a humanidade, e que evite que a terra se concentre en poucos latifundistas. Tamén esixen que se anulen os procesos contra os campesiños presos en todo o mundo e que se suspenda a militarización das zonas rurais. Manifístanse a favor dunha produción sustentable que non depreде a auga, a terra e os demais recursos naturais.

Entre o vasto calendario de accións destaca a convocatoria para mobilizarse o 10 de setembro no marco da Asemblea Xeral das Nacións Unidas para esixir aos xefes de estado e de goberno unha nova orde democrática contra a pobreza e a guerra, así como as accións que empezarán dende Sao Paulo (Brasil) o 8 de marzo, até o 17 de outubro en Ruanda, impulsadas pola Marcha Mundial das Mulleres, para reafirmar a loita contra o neoliberalismo, o patriarcado, a exclusión e a dominación.

O ATENEO FERROLÁN PRESENTARÁ O AUDIOVISUAL

HAI QUE BOTALOS



Preto dun cento de profesionais participan no proxecto audiovisual *Hai que botalos* para ofrecer unha visión crítica da situación de Galicia.

O colectivo cultural Burla Negra, nacido a raíz da catástrofe do Prestige, producirá vintecinco curtametraxes nunha iniciativa pioneira no audiovisual galego.

O colectivo Burla Negra, xunto coa produtora coruñesa A Fraga Maldita, veñen de presentar o proxecto *Hai que botalos*, un filme que polo de agora xa compoñen un total de vintecinco curtametraxes e que, segundo os promotores, "*pretende amosar unha visión crítica da situación real na que se atopa Galicia*", abordando a tal efecto, desde a ficción e desde o documental, aspectos moi diversos da realidade social, política, cultural e económica do país.



Arredor de cen profesionais de distintas áreas compoñen o equipo de traballo de *Hai que Botalos*: actores como Mabel Ribera, recentemente merecedora dun Goya polo seu traballo en *Mar Adentro*, Luís Tosar, Mónica García, Carlos Blanco, Victor Mosqueira e Miguel de Lira, entre outros; escritores como Manuel Rivas, Sechu Sende, Rosa Aneiros e Suso de Toro; realizadores como Ricardo LLovo, Xosé Zapata, Margarita Ledo e Enrique Banet, e unha ampla representación de profesionais do sector audiovisual e do mundo sociocultural galego.

Polas súas características e polo seu modo de produción, *Hai que botalos* é "*unha iniciativa pioneira no contexto do audiovisual galego, promovida á marxe da dinámica habitual do sector da produción audiovisual e dun xeito completamente independente*", segundo destacan os promotores. O proxecto está a ser levado a cabo a través do traballo voluntario de todos os membros do equipo, e coa colaboración desinteresada de particulares e empresas, polo que os custos de produción son practicamente inexistentes. Temas como a precariedade laboral, a degradación ambiental do territorio, o caciquismo, a inoperancia das administracións e a emigración, entre outros, son algúns dos fíos condutores das vintecinco curtametraxes que compoñen o filme.

Traballando en rede.- O proxecto do filme *Hai que botalos* foi presentado esta semana a través da rede www.arredemo.info, rede de acción sociocultural que aglutina unha grande parte do mundo da acción sociocultural galego e que desde o pasado verán vén traballando por crear un espazo de intercomunicación e participación entre os distintos colectivos e particulares que traballan en distintos campos do mundo sociocultural galego.

Burla Negra destaca que desde a súa presentación na web, *Hai que botalos* leva recibido máis dun milleiro de visitas de internautas interesados que poden, a través da propia rede, poñerse en contacto co equipo de traballo para ofrecer os seus servizos e a súa colaboración.

Unha vez finalizado o filme, distribuirase a través de canles non comerciais, con proxeccións nas cidades e vilas do país. Actualmente conta cunha ampla rede de exhibición composta por máis de douscentos espazos no territorio galego, aos que se poden sumar aqueles colectivos e particulares que o desexen. A distribución contempla, ademais, a edición dun DVD. 

«Hai que botalos, pretende amosar unha visión crítica da situación real na que se atopa Galicia».



ACCIDENTES LABORAIS

ESPAÑA REXISTRA MÁIS DUN MILLÓN DE ACCIDENTES LABORAIS POR ANO

1.456 mortes de traballadores e 953.841 accidentes laborais no 2004

¡PARO E PRECARIEDADE!

O balance feito polos sindicatos do número de accidentes laborais do ano 2004, así como do número de traballadores e traballadoras mortos nos mesmos, deita unhas cifras estremecedoras.

A pesar de que hai unha diminución de accidentes laborais con respecto ao ano anterior, cada día morren de dous a tres traballadores no seu posto de traballo, unha cifra maior que a dos mortos en atentados terroristas.

Sen embargo, a parte de realizar algunha campaña de sensibilización, os gobernos seguen sen tomar en serio a tarefa de poñer fin ao terrorismo patronal que supoñen estas mortes. Por un lado, seguimos sen incrementar o número de inspectores de traballo (1 por cada 27.000 traballadores, fronte a 1 por cada 7.000 de media na UE). Por outro, seguimos sen frear a precariedade que rodea cada vez máis aos traballadores deste país, e en concreto aos mozos, ás mulleres traballadoras e aos inmigrantes. Porque son a precariedade, a temporalidade, o traballo sen contrato, as subcontratas, etc. as causantes directas dos accidentes laborais, tal e como demostran os sindicatos en moitas das súas análises.

De feito, é no sector servizos onde a precariedade é maior, onde se acumula a maior parte dos accidentes (43%), xunto coa agricultura, onde floreceu de novo a economía somerxida, na que o número de accidentes se incrementou nun 4 % e o de mortes nun 15 % con respecto a 2003.

Segundo os datos dos sindicatos, do total dos accidentes de traballo, arredor de dous terzos sófrenos os traballadores temporais, que son un terzo dos traballadores de España.

A temporalidade supón sempre unha menor inversión en medidas de prevención (se *curras* tres días ¿para que gastar máis cartos en prevención que en soldos?) e unha formación nula, o que aumenta o risco de accidentes *ad infinitum*.

Por tanto, volve a demostrarse, tal e como se vén denunciando, que é a lóxica do sistema, que é o neoliberalismo, coa imposición dun mercado laboral non regulado, onde os contratos temporais van marxinando aos indefinidos, a razón fundamental das mortes e accidentes que sufrimos os traballadores.

Somos os traballadores e traballadoras os que mantemos coas nosas vidas e as nosas mortes o crecemento económico deste país.

«Somos os traballadores e traballadoras os que mantemos coas nosas vidas e as nosas mortes o crecemento económico deste país».



Manifestación en Santiago de Compostela

DECLARACIÓN DE MADRID

EDUCACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

"LA BAHÍA DE LOS CINCO VIENTOS"

A alfabetización da humanidade, aínda non realizada a nivel mundial, foi unha das grandes conquistas do pasado. A alfabetización mediática é agora o grande reto que hai que alcanzar.

Non podemos aceptar que a **brecha dixital** establecida entre diversas sociedades nos distancie, nos incomunique e sexa unha das características da presente sociedade da información e da comunicación.

O futuro da sociedade do coñecemento reside na educación permanente e na **alfabetización mediática** de todos os habitantes do planeta. En lugar de contemplar dita aprendizaxe con medo e receo, a cidadanía debe consideralo como algo imaxinativo, estimulante e básico para o seu completo desenvolvemento persoal.

Preámbulo

Os firmantes, persoas representantes de entidades, institucións e organizacións sociais, de asociacións de nais e pais, consumidoras e usuarias, profesoras e profesores, expertas no ámbito da comunicación e a educación, e cidadanía en xeral [...]

[...] dende o noso compromiso e interese común en aproveitar eficazmente as grandes vantaxes que poden proporcionar os medios de comunicación e as tecnoloxías da información (TIC) para o desenvolvemento educativo e cultural da nosa sociedade [...]

[...] dende a nosa preocupación, tamén común, polo progresivo deterioro sufrido polos contidos da programación televisiva e a ausencia de alternativas sólidas concibidas para favorecer o desenvolvemento da infancia e a xuventude, tanto a través deste medio de comunicación como das "outras pantallas" [...]

Facemos pública a seguinte **Declaración de Madrid** sobre Educación e Medios de Comunicación, denominada ***La Bahía de los Cinco Vientos***, coa esperanza de que novos aires educativos sopren na nosa sociedade da información e da comunicación, de maneira que todos e todas poidamos beneficiarnos deles.

Madrid, 9 de febreiro de 2005

Consideracións

1. Os medios de comunicación son instrumentos prioritarios de ocio, entretemento e, de forma máis matizada, de aprendizaxe, para as nenas e os nenos. A televisión segue a ser o medio máis seguido polo espectador infantil. Nenas e nenos viven nun estado de indefensión, tanto fronte aos medios de comunicación tradicionais como fronte aos sistemas de información e comunicación que desenvolveu nos últimos anos a tecnoloxía dixital. As nenas e nenos teñen fácil acceso a contidos inadecuados, á vez que existe unha carencia de ofertas infantís atractivas, de calidade, variadas en xéneros e que eduquen en valores, tal como sinala a *Convención del Derecho del Niño* de 1989, ao recoller expresamente o dereito de todo neno ao acceso aos medios de comunicación (art.17) e á liberdade de expresión (art.13).

2. Nos últimos anos produciuse unha profunda involución no desenvolvemento da *educación mediática* (alfabetización mediática), a pesar da enorme importancia que os medios de comunicación teñen na adquisición de coñecementos e valores, na adquisición de hábitos e comportamentos e, en definitiva, na súa potencial capacidade para contribuír á formación de persoas máis activas, máis críticas, comunicativamente máis competentes e, por conseguinte, máis libres.

3. Esa indefensión e as carencias de formación descritas poden ser aínda máis graves na actual etapa de dixitalización e converxencia tecnolóxica. Sen unha educación adecuada no uso dos medios de comunicación e das tecnoloxías da información corremos o risco real de que se produza unha quebra familiar, emparellada a unha auténtica quebra social, que provoque a brecha dixital a miúdo denunciada, entre *info-ricos* e *info-pobres*. Existe ademais o perigo real dun progresivo deterioro do sistema democrático, cada vez

U N E S C O

«O futuro da sociedade do coñecemento reside na educación permanente e na **alfabetización mediática** de todos os habitantes do planeta».



«A infancia debe ser o grupo participante e destinatario prioritario nunha educación para a comunicación».

máis sometido á influencia das grandes corporacións, e un aumento do risco de manipulación da cidadanía dende un punto de vista tanto político como económico.

4. É fundamental alcanzar un novo paradigma no ámbito da comunicación social que asegure a participación na toma de decisións públicas de todos os axentes implicados: administracións, empresas, profesionais da creación e da información, expertos, nais, pais e usuarios en xeral. Un novo paradigma que recoñeza a importancia estratéxica e de futuro da educación en comunicación.

5. A infancia debe ser o grupo participante e destinatario prioritario nunha educación para a comunicación. Nais, pais e educadores en xeral, deberán contar cos apoios didácticos necesarios que lles subministren ferramentas para a educación da infancia. Estas axudas contribuirán, á vez, a un adecuado aproveitamento, en positivo, das novas pantallas, os medios de comunicación e os sistemas de información, e farán posible a propia formación crítica da cidadanía.

Peticións


1. O cumprimento obrigatorio da **lexislación nacional e internacional** (Directiva comunitaria da Televisión sen Fronteiras) en materia de comunicación, moi especialmente no que se refire á *"protección, promoción e defensa"* dos dereitos da infancia e a adolescencia, no só por parte do Estado, senón tamén por parte das empresas privadas.

2. A creación, á maior brevidade, dun **Consello do Audiovisual**, de ámbito estatal, independente, de composición plural, encargado de supervisar o cumprimento da lexislación e con capacidade sancionadora. Un Consello que potencie a autorregulación, defenda a liberdade de expresión, protexa a infancia e recolla as demandas da cidadanía.

3. O deseño **dun plan de educación global en comunicación** que asegure a formación no uso dos medios e a tecnoloxía da información, así como na elaboración e análises das mensaxes. Esta educación en comunicación deberá facilitar o diálogo entre a infancia, a xuventude e os adultos nos entornos escolares e familiares, entre outros, e promover a creatividade, así como fomentar a capacidade de análise crítica e de autocrítica.

4. A inclusión e recoñecemento da educación en comunicación e da ensinanza dos medios e das tecnoloxías da información **nos programas escolares**, dende un punto de vista transversal, no só tecnolóxico senón tamén integralmente comunicativo. Esta formación non deberá limitarse a dar a coñecer uns determinados recursos técnicos e expresivos, senón que tamén facilitará instrumentos para comprender o mundo e saber actuar nel. Os medios presentan visións do mundo que inflúen nos comportamentos sociais e na potencial maduración ética de nenos e mozos. A análise das mensaxes audiovisuais e multimedia e a produción de mensaxes por parte das persoas máis novas que poidan facer chegar coa súa voz, contribuirán a reforzar a súa maduración como cidadáns responsables.

5. A potenciación por parte dos gobernos **dunha política de comunicación** que garanta a pluralidade de oferta, a existencia de provedores de contido independentes, o mantemento de operadores públicos e sociais sen ánimo de lucro, e a promoción de políticas coordinadas dende o punto de vista local, autonómico, nacional, europeo e internacional que fagan visible o deseño, produción e difusión de contidos de calidade, útiles para a educación e innovadores e positivos para a infancia. Neste sentido, propoñemos o deseño de programacións específicas para a infancia, especializadas e segmentadas segundo niveis de idade, que acaben coa actual contaminación da programación.



ENCONTRO POLA DIVERSIDADE DE EXPRESIÓN

FERVESTEIRO — XULLO 2005

Somos demasiados os mozos e mozas enfastiados polo baleiro cultural existente na nosa cidade, onde non se teñen en conta as nosas opinións, que son moitas.

Somos e non nos deixan ser, non nos deixan expresarnos segundo sentimos e vivimos a cultura emerxente do noso tempo.

Sospeitamos desta aparente liberdade na que non atopamos os medios para levar a cabo o noso impulso vital e creativo de conectar os nosos pensamentos e sentimentos coa acción.

Somos, existimos, e desexamos unha nova realidade ou, polo menos, unha menos aburrida na que poidamos actuar e manifestar as nosas inquietudes, e somos conscientes de que as cousas trocan cando a xente non persegue os seus desexos de forma illada.

Aburrímonos e estamos fartos de vivir case clandestinamente, de celebrar e exaltar a nosa cultura na marxinalidade de locais pequenos e, por riba, ter que aturar todo tipo de inconvenientes por parte da administración local. Non contamos nin con recintos nin con espazo ningún onde poder expresarnos.

A nosa cultura é o futuro, e queremos con orgullo e sen impedimentos levala ás prazas e rúas da nosa vila, afirmando toda a nosa diversidade, organizando xuntos pola concordia este encontro multidisciplinar, feito por nós para todos, feito para crear lazos de unión cos veciños, comerciantes, asociados e a propia universidade, que parece durmir un soño letárxico. Queremos participar do noso ocio activamente, dinamizando todo o barrio, dende os máis vellos ata os máis novos.

Somos demasiada xente inqueda que crea e non ten onde poder mostrar a súa arte. Este encontro autoxestionado e non lucrativo será para dar voz, son, luz, e sacar do escurantismo os nosos pensamentos, a nosa arte e, en definitiva, a nosa forma de sentir e ver a vida.

¡Únete e non quedes parado!

Pretendemos facer o **Festival FERVESTEIRO** a primeira fin de semana de xullo de 2005, como se vén repetindo os dous últimos anos. Pero, sendo o terceiro ano de traballo, a xente que nos reunimos en asemblea para xestionar un pouco esta cultura das minorías, tan esquecidas nestes lares, consideramos retomar con forza esa idea de prolongar o traballo ao longo de todo o ano, producindo máis actividades que o propio festival. Por iso, estamos a traballar en dous concertos, un en abril e outro en xuño, queremos realizar algo arredor do *clown*, teatro, etc., pero máis entrado o verán, para poder traballar nas rúas, cousa que reclamamos, xa que consideramos que nos foron usurpadas. Ademais, posiblemente fagamos unha comida *vexeta* para maio.

Estamos convocando un certame de *postal-art* co lema "Reclama as rúas". O prazo de entrega finaliza o 1 de xuño , a dirección é:

Fervesteiro Apdo. 147
15402- Ferrol

Con todo o material que se reúna farase unha exposición en Ferrol a primeira semana de xullo. Tamén organizamos o 2° Concurso de Fotografía, que o ano pasado tivo bastante acollida.

UN ANO MÁIS, AQUÍ ESTAMOS. SEGUIMOS TRABALLANDO

Xa van ser tres anos de Fervesteiro. O primeiro comunicado que emitimos foi unha reflexión da realidade actual, unha declaración de intencións e unha petición ás autoridades para que facilitaran eses espazos tan necesarios.

Eles non están polo labor de facilitalo. Posiblemente opinan, coma nós, que a cultura é liberadora, e iso dálles medo.

Pero dá igual, porque non os necesitamos. Eles seguirán facendo os seus concertos de O.T. e gastando os nosos cartos en fogos de artificio. En cambio, nós seguiremos construíndo espazos transformadores, que por medio da festa, a loita, o debate, etc., axuden a que esta realidade tan atroz que vivimos, día a día, vaia cambiando.

Isto require moito traballo, implicación, colaboración, etc. É doado, pero fai falla apoio mutuo.

Neste mundo cada vez máis deshumanizado, menos participativo e polo tanto menos democrático, pedímosvos que nos axudedes a construír estes espazos. Sentimos a necesidade de que os individuos e colectivos que comparten a nosa loita participen horizontalmente con nós na construción. Nisto xa tivemos algunha experiencia anos antes, pero non queremos repetila, senón multiplicala. Porque multiplicar as nosas forzas supón multiplicar os nosos logros, que todos libremente poderemos recoller.

Hai xente que posiblemente asocie Fervesteiro cuns concertos que se celebran no verán, pero Fervesteiro é moito máis, aspira a ser moito máis do que é e ademáis desenvolveu e desenvolve outras moitas actividades. A lista é longa: ciclos de cine, malabares, teatro, obradoiros, campionatos, mesas redondas, charlas, etc., pero o importante é que saibades que intentamos que este proxecto se alongue temporalmente no ano, e polo tanto invitámosvos a asistir e participar nas actividades que desenvolveremos, que ademais de ser un obxectivo en si mesmas, terán por necesidade lóxica o obxectivo de recadar fondos para poder crear ese festival de verán tan esperado.

PARTICIPANDO NA CONSTRUCIÓN, CONSTRÚES PARTICIPACIÓN



CONVERSAS POSIBLES DENDE

Por Eliseo Zaera Ríos

15 de febreiro de 2005

Un helicóptero sobrevoa a ría de Ferrol, a *Perla Ártabra*. Observeino evolucionando cara arriba e cara abaixo e a miña imaxinación deulle voltas e máis voltas ao que podería pasar polas mentes dos viaxeiros ao contemplaren o fermoso espectáculo que se disfruta a partires de mil ou dous mil metros sobre esta privilexiada e singular costa. Eu tiven ocasión de comtemplalo hai anos, dende uns dous mil cincocentos metros, ou quizais menos, voando nun avión privado nunha viaxe inesquecible con outras sete persoas, buscando as mellores vistas dende As Pontes, pasando polas fragas do Eume, a ría de Ferrol, a costa Ártabra, até A Coruña.

Dende o helicóptero poden contemplarse con máis detalle e detemento as singularidades e tamén os *feísmos*.

Imaxino unha conversa dos pasaxeiros sobre o espectáculo asombroso de Punta Promontoiro, onde emerxen dous monstruosos depósitos de cemento moi preto dunha trintena de depósitos metálicos "adornados" con media ducia de chemineas que, ás veces, sobre todo á noite, á mañanciña e ao atardecer, botan fumes de diversas cores:

- ¿Que son e para que son eses xigantescos depósitos de cemento?

- Están a construír unha planta de regasificación de gas natural licuado.

- i...! ¿Planta de gas licuado, tan preto desa industria con tantos depósitos, supoño que de combustibles?

- Si, e tan cerca das casas que vemos, algunhas a menos de cen metros de distancia ...

- E os arsenais, a flota naval e as bases de Ferrol e A Graña, ¿non están tamén moi próximas?

- Pois é verdade, pero máis pegadiños están uns xacementos arqueolóxicos de moito valor, cos que creo que hai problemas ...

- ¿E ninguén protesta ou reclama por estas cuestións?

- Seica hai un grupo pequeniño chamado Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol que conta co apoio de máis de **50 asociacións** de todo tipo e, o máis importante, co sentido común da maioría da cidadanía.

- Pero, ¿as autoridades están ben informadas? ¿coñecen ben o que se está a facer e onde se está a facer?

- Se por AUTORIDADES entendemos o EXECUTIVO GALEGO, a XUNTA DE GALICIA, ¿non o van coñecer? se forman parte da empresa promotora da planta ...

- ¿E que lle din a ese comité?

- A ese comité, nada –nin a Xunta nin os medios de comunicación, que silencian todo canto din e fan. Os únicos que os entenden son os tribunais de xustiza, faltaría máis, estamos nun ESTADO DE DEREITO, ¿non si?

- Home, penso que si, por iso, co pouco que sei de leis e normativa aplicable para unha instalación desas características, paréceme estraño que conten con todos os permisos, mais ..., se está "metida" a Xunta ..., o presidente Fraga, eses dous tanques monstruosos ...

(Interrómpelle o interlocutor) - Dous agora, pero teñen pensado facer dous máis, despois de "retirar" o xacemento que está ao lado, chamado CALDOVAL.

- ¡Pois mellor! Cos catro tanques, como catro monumentais columnas dun imaxinario templo de HÉRCULES ou algo así, ¿non quererán gañar méritos para conseguir o título de PATRIMONIO MUNDIAL?

- Penso que é ao revés, que eses monstros no corazón da ría, no medio de tanto valor histórico, arqueolóxico, medioambiental e humano, serán un estorbo e unha condición insuperable para ese nomeamento.

- E, ¿como pode dicirse en poucas palabras o que queren facer aí?

- Pois moi fácil: almacenar neses depósitos até **600.000 m3** de gas natural licuado a **-160 °C** de temperatura para ilos transformando en gas e mandalos polos gasodutos aos consumidores ...

- Pero haberá que subir a temperatura, alomenos 150 °C ...

- Si, iso queren facelo utilizando auga da ría á que lle meten hipoclorito sódico



AS ALTURAS

para eliminar toda clase de microorganismos, co fin de evitar obturacións nos serpentíns de quentamento do gas, e logo devolver todo á ría de novo.

- Pero así tamén eliminarán toda clase de vida na ría...

- Seguramente, sobre todo polas características da propia ría, e porque utilizarían **15.000 toneladas** de auga por hora, é dicir, **360.000 toneladas** ao día.

- ¿Non é moito ?

- Si, certamente. Iso terá que determinalo o obrigado estudo de impacto ambiental necesario para que lles dean permiso de operar coa planta, ademais de analizar os riscos do tráfico até o interior da ría de **8-10 gaseiros ao mes**, durante todo o ano.

- Pero iso pode dificultar a dispoñibilidade do tráfico naval, civil e militar ...

- Seguramente, sobre todo o militar, pois a maioría do civil quedará á entrada da ría, no PORTO EXTERIOR, onde ía ir a PLANTA. Por outra banda, penso que van dragar o canal de entrada para facilitar o movemento dos gaseiros.

- Bah, entón, se anchean e afondan a entrada e saída, xa poderán cruzarse dous barcos, co que ese problema está resolto.

- Non creo, a non ser que, como no caso de Caldoval, queiran retirar os castelos, o de San Felipe para Brión, e o da Palma para Montefaro ...

- Pois tes razón, aínda que agora non está CUÍÑA para tomar decisións transcendentais como esta da planta de gas, e do PRESTIGE (sen a súa actuación estariamos aínda anegados de chapapote), e a do encoro do UMIA (por exemplo), pero temos a D. Manuel e a D. Roberto que, xuntos, e con tantas axudas, poderían facelo ...

- Pero, falando en serio, ¿non hai demasiados problemas arredor desa PLANTA DE GAS?

- Pois non creo ... Polo menos eu, en *La Voz de Galicia* nunca lin nada ...

- En fin, eu non quedo tranquilo. Pedirei un informe, a ver que pasa ...

(o helicóptero aterrou na Graña ...) ꙮ

CEN GAITEIROS

por Camilo Ces López

A LOLETE

A tarde é fresca e tranquila, acougada. O ar está tan limpo que a nitidez case fai doer os ollos.

O piñeiral pediulle á chuvia da mañán unha limpeza a fondo. Quería estar preparado. Sabía que esta vez ficarías para sempre. E díxolle ao vento que non veña. Non quere que leve nada con el. Nin unha nota. Nin a máis mínima parte de ti.

Silencio. Un silencio que bisban centos de gorxas sen palabras, enmudecidas polo nó que as aperta, por unha dor que se intúe ou se manifesta abertamente.

Soan dez roncóns. Quince. Corenta. Nunca costara tanto encher o fol. Os beizos a penas poden apertar o soprete. O ar sae mesto, húmido, con anacos de alma que escapan en cada sopro.

Semella que pasou unha eternidade cando comezan a soar os punteiros. E é que todos buscaban inconscientemente un sinal para comezar. Ese sinal que non chega. Que nunca chegará.

Un golpe de bombo, grave, solemne, escorrega polo bosque. Esvara polas suaves faldras cubertas de arume. Sube até o curuto e bótase costa abaixo para se perder no mar, en busca do horizonte. Ao seu sinal soan secos, coma unha salva, os tambores. Bátennos no corazón, hoxe un pouco máis baleiro.

A melodía parece confusa, revolta. É coma se ningún instrumento quixese ser o primeiro en comezar esta despedida. Pero á fin todos se unen nun réquiem atípico e ateigado de emocións, e cada un che devolve unha pequena parte do que lles deches.

E a terra, húmida de chuvia e pranto, recíbete. Acóllete, faite parte dela para sempre, mentres os piñeiros, que tantas veces te viron pasar, memorizan as notas para repetilas cando o vento os volva facer soar como un grande coro verde e aromático. Máis afinados ca nunca, porque ti estarás nas súas pólas, na súa seiva, para o facer posible.

Cen gaiteiros choran. Por dentro, por fóra, polos tentos dos dedos. E con eles choramos todos os que alí estamos, aínda que a algúns non se nos note tanto. Bágoas de todas as idades, de todas as densidades. De emoción, de tristura, de soedade... ou dunha mestura de todos estes sentimentos.

Volvo para a casa e escribo estas liñas. Logo imaxino que as les e te ris. Porque estou seguro de que te habías rir de tanta seriedade. E con razón. Sobre todo sabendo que eu non son quen de facer nada serio. E todos riríamos contigo. Como tantas outras veces. Como aquela noite agardando a que abrisen a fronteira portuguesa. Aquel chiste do bacallao... ou o teu número do violinista manco.

E é que non podo, nin quero, recordarte doutra maneira. Tal como te coñecín en Terra Meiga. Alegre e e activo. Metido en mil cousas a un tempo. Eran tempos nos que había que empurrar o coche para subir Pedrafita. Tempos de roldas co cuarteto. Mañás de guinda e bola. Ou xamón, queixo e cervexa, se había sorte. Presumindo, case sempre con razón, de ter o nariz máis grande de calquera reunión.

Xa ves, isto ía para elexía, pero non estou preparado para iso. Nin para facer homenaxes, xuízos, biografías nin despedidas.

Pero non quero rematar sen dicir que, posiblemente, alguén teña conseguido que tocasen para el máis gaiteiros, pero dificilmente coa emoción e o cariño con que tocaron para ti, Lolete, en Doniños.

20.02.05 ꙮ



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

Naqueles días de xullo de 1936 había tanto tiroteo por todas partes que parecían as festas de Amboage. A xente non se atrevía a saír da casa por temor a ser un alcanzado por unha bala ou "por uns paos", que tamén había os que se ofrecían voluntarios "para este traballo".

As industrias e os comercios pecharon as súas portas e pronto se comezou a sentir e notar a escaseza de alimentos e doutras cousas máis. Así pois, houbo que botar man de cousas que quedaran en desuso, tales como os muíños de auga, os fornos caseiros, etc.

As sufridas amas de casa pronto botaron man de todas estas artimañas para poder alimentar aos seus fillos e ao resto da familia; e Elvira, a miña nai, non podía ser menos. Pero, ¿quen tiña o forno? O señor José Roca.

O señor José era un home bo, un deses venerables anciáns que gozan axudando aos demais. Vivía só. A súa única familia era un fillo que era cabo de mar no cruceiro *Libertad*, cuxo buque quedara na zona republicana. Pero en canto as mulleres lle presentaron o problema xa non houbo máis que falar: "Ide ao meu monte, cargade un bo carro de toxos e podemos cocer no meu forno pan para todos". E así foi.

Aqueles pequenos fornos foran pensados para solucionar soamente as necesidades do fogar, e por este motivo foi preciso servir a cada familia por quendas. As fornadas facíanse durante a noite e, a min, que non coñecín a ningún dos meus avós, facíame moita graza conversar co señor José, e até podo confesar que cheguei a sentir por el un afecto de familia. Así que, fun eu o acompañante durante todas aquelas noites para atender o forno e o pan.

Do señor José recibín moi bos consellos, e até me ensinou a xogar ao tute. Tamén el pasara as súas na guerra de Cuba. Lembro que sobre isto me dicía: "Saímos de Martinica de Francia, e os barcos americanos que nos estaban esperando, canoneáronnos e fomos todos ao mar. Eu non sabía nadar e agarreime a un taboleiro. Os meus compañeiros pasaban nadando ao meu lado e un díxome: 'Adeus, Roca, que non te verei máis', e cando cheguei á praia, agarrado ao meu taboleiro, os meus compañeiros estaban todos mortos, abatidos polos Mambises"

Cando me levaron co barco que sería o meu escenario durante o período de guerra, funme despedir del e díxome: "Se ves por alí ao meu Ánxel dille que estou desexando velo". Pobre señor José. Non se daba conta que, estando o seu fillo en zona republicana, isto era imposible.

Aos 14 ou 15 anos matriculáronme para facer o servizo militar por mar, e aos 17, en plena guerra civil, chamáronme a filas.

Ingresei no *Galatea* para facer o correspondente período de instrución. O comandante do barco era D. Fausto Escrigas, e debo confesar que naquel barco paseinas negras subindo polos paos. Pero aos dous meses trasladáronme ao *Minador Vulcano*, e alí pasei o que me tocou vivir da condenada guerra civil.

Aos poucos días destináronnos ao sur, e lembro que saímos de Ferrol ao anoitecer e case todos nos mareámonos como cabras. Cada vez que saíamos ao mar, o rumbo para nós era sempre descoñecido; pero ao fin unha mañá arribamos ao porto de Cádiz. Para min, aquilo era aparecer noutro mundo porque nunca saíra de Ferrol. E aos poucos días, rumbo a Melilla. Esto xa me empezaba a parecer "jauja" porque o de pasear de pobo en pobo era macanudo; mais o "pero" estaba por chegar. O destino final era Palma de Mallorca, onde estaría a nosa base de destino.

«Cada vez que saíamos ao mar, o rumbo para nós era sempre descoñecido».

E aquí comenza a muiñada. A brincadela de pasear con rapazas polo zoco melillés ou pola "tacita de plata" terminara: agora empezaban os bombardeos e a navegación de varios días de duración ao longo e ancho de todo o mar Mediterráneo.

Ao *Vulcano* encomendáranlle a misión de controlar os barcos mercantes que viñan do leste con cargamento para a zona republicana, e para iso tiñamos que desprazarnos até o estreito de Mesina, chegando ás veces até a illa Pantelaria. Con este fin atravesamos varias veces o estreito de Bonifacio, terra de Napoleón e tamén dos famosos corsarios, terroríficos piratas do mar.

Máis tarde enviáronnos a patrullar a costa, e foi aquí onde empezou o verdadeiro perigo. A aviación bombardeounos en varias ocasións, pero o peor dos ataques foi no pobo levantino de Vinaroz; alí morreron un rapaz de Covas e outro de Jaén.



Houbo outra situación algo peor que esta, e foi minar o porto de Valencia, mais eu nesa ocasión atopábame hospitalizado en Palma de Mallorca a causa dunha bronquite, e por tal motivo me librei unha vez máis de pasar un terrible mal rato, como outros moitos que pasei nesa **maldita e estúpida guerra.**

A maior parte da escuadra quedara na zona republicana: destrutores, cruceiros e o acoirazado Jaime que, de non existir unha grande disciplina entre as súas dotacións, podíannos ter feito moito dano.

Naquel tempo había na Mariña de guerra española unha cuadrilla de destrutores construídos no arsenal de Cartagena que, tal vez, eran os buques de guerra máis bonitos da escuadra. Un dos capitáns xenerais (creo que foi Moreno) puxéralles o sobrenome de "Galgos del Mar". Un destes destrutores, chamado José Luis Díez, quedara na zona republicana e polas súas fazañas era considerado como o terror dos mares. Este buque era comandado por un cabo, que ao parecer se ascendeu a si mesmo a comandante (outra burrada máis que o levaría ao fracaso) e un día se dispuxo a pasar do Atlántico ao Mediterráneo, pero o cruceiro Baleares abriu fogo sobre el e lle obrigou a refuxiarse en Gibraltar. E como o Baleares era demasiado grande para patrullar o Estreito, mandaron dous buques máis pequenos para esta misión: o Júpiter e o Vulcano. Ambos turnábamonos na vixilancia, e foi a nós a quen nos tocou o "premio".

Era a unha da madrugada, unha noite do máis escura e, por tal motivo, en pleno combate por pouco non chocamos un co outro. A pouca distancia empezaron os canonazos dun e doutro lado e, coma se de antigos galeóns se tratara, chegamos á abordaxe. Neste momento o Díez lanzou un torpedo que con grande sorte pasou por riba do Vulcano, deixando sobre a cuberta deste parte do seu mecanismo. Toda esta embrolla parece un grande conto, pero por sorte foi verdade. E digo por sorte porque, se chegase a explotar, teriamos voado polo aire os dous barcos. E sorte tamén porque non houbo mortos, polo menos no Vulcano. No Díez, creo que un ou dous.

Case todos nós eramos rapaces de 17 ou 18 anos, e non quero ocultar que todos estabamos cagados de medo.

Aquí vén moi ben a frase que di: "onde hai patrón non manda mariñeiro", porque, se en vez de ser un inexperto cabo o que comandaba o Díez chega a ser un verdadeiro comandante, tal vez eu non podería relatar esta historia; porque por equipamento (velocidade, armamento, etc.) a vitoria loxicamente tiña que ser do que estaba mellor preparado.

O comandante do Vulcano era D. Fernando de Abarzuza, o segundo D. Fernando de Alvear e Oliva, e o médico era o ferrolán D. Joaquín Rivero de Aguilar, que tiña a graduación de tenente.

Con motivo deste acontecemento toda a tripulación foi condecorada con dúas medallas: unha ao mérito naval e outra da Meh-alá (esta última era árabe, e creo que se escribía así). A cuestión era que non podiamos saír do barco sen levalas no peito. As miñas perdéronse pola casa co paso dos anos. De todo isto só gardo unha foto cos amigos Manolo Fontán, José Velando e Diego López Lourido. Este último chegou a ser comandante do Canarias.

A partir do combate do Estreito, todos eran agasallos e banquetes. Lembro un deles no concello de San Fernando (Cádiz). Alí reuníronse con nós altos mandos da mariña e o exército, para participar todos xuntos "do mesmo rancho".

E posta en marcha a festa resulta que, entre os mariñeiros do Vulcano había un de Mugardos, que era totalmente analfabeto, pero tiña unha habilidade especial para fiar versos. E despois de comer, empinar as copas, etc. empezaron as risas e os chistes. Un dos oficiais do barco animou a Rañales (que así se chamaba o mugardés) para que se lanzara cun dos seus ripios e, sen pensalo dúas veces, o mugardés posto en pé vai e lánzase con esta graciosa gabanza:

"Viva España porque tiene
a Belmonte en el toreo,
de gobernador a Franco
y a Paulino en el boxeo".

Houbo risas e aplausos a varrer, pero ninguén dubidará que, dito isto noutro momento e noutro lugar, o amigo Rañales recibiría o premio de ir ao cárcere.

Reparado o barco no arsenal da Carraca, destináronnos de novo a Mallorca. A guerra estaba a punto de terminar, pero aínda vivín alí en Palma outro acontecemento inesquecible: deron orde de saír ao mar e bordear a illa co fin de atopar un avión que caera ao mar e no cal voaba o famoso aviador Ramón Franco. Ao chegar ao punto indicado pronto apareceron os primeiros cadáveres; nós recollemos a dous, e a Ramón Franco recolleuno unha lancha rápida alemana. Isto sucedeu á altura de Pollença. Sobre este asunto houbo comentarios de todo tipo. ¿Atentado? ¿Outro avión? ¿A artillería aérea? Algún o saberá.

Terminou a contenda en España e empezou a II Guerra Mundial, e a partir de aquí, fame negra. Os da zona republicana había tempo que coñecían a fame. Lembro que unha vez terminado todo este barullo recorriamos os pobos costeiros de Rosas, Port-Bou e outros máis, e a xente achegábase ao barco pedindo comida. Botábaslles unha barra de pan e tirábanse a ela como feras famentas. ¡Pobre España, canto pasamos!

Lembro ter lido un libro titulado *Abajo las armas*, que fora en 1905 Premio Nobel da Paz e cuxa autora, a austríaca Berta Von Suttner, referíndose ás atrocidades da guerra di: "En tempos de guerra o dar morte a un home non é matar. O roubo non é roubo, é requisa, e até os bispos bendicen esas armas que van destinadas a unha obra de sangue".

«... en Palma ... deron orde de saír ao mar e bordear a illa co fin de atopar un avión que caera ao mar e no cal voaba o famoso aviador Ramón Franco».



XV CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2005

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de **TRES** fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías publicadas ou premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Ningunha das fotografías presentadas poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías **deberán presentarse** montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou 40 x 50cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montar-se cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-1°
CP 15402, FERROL

A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 20 de maio de 2005.

XURADO : O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 3 de xuño, no acto de inauguración da Exposición.
A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro en formato RAW e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

PREMIOS:

	1°)	900 euros
	2°)	300 euros
	3°)	150 euros

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 3 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o venres día 3 até o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2005. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS: *A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases. *Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS: Á **Casa da Xuventude de Ourense**, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.

XV CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2005

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de **TRES** fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías publicadas ou premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Ningunha das fotografías presentadas poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías **deberán presentarse** montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou 40 x 50cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montar-se cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-1º
CP 15402, FERROL

A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 20 de maio de 2005.

XURADO : O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 3 de xuño, no acto de inauguración da Exposición.
A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro en formato RAW e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

PREMIOS:
1º) 900 euros
2º) 300 euros
3º) 150 euros

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 3 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o venres día 3 até o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2005. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS: *A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases. *Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS: Á **Casa da Xuventude de Ourense**, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.



CERTAME DE TEATRO ATENEA 2005

PROGRAMA FINAL: ACTUACIÓNS

DATA	HORA	LUGAR	GRUPO	CATEGORÍA	OBRA
12/03 - sábado	17,00	Concello San Sadurniño	**Escola Municipal**	Infantil	**O xigante egoísta**
15/03 - martes	11,00	Centro Carmen Polo	**"Carmen Polo"**	Especial	**De camiño a Belén**
17/03 - xoves	16,30	Colexio Lestonnac	**"Os Galopíns"**	Xuvenil	**O Gatipedro**
18/03 - venres	12,30	Amigos de Valdoviño	**"Arco Iris"** Casa da Cultura	Primaria	**La verdadera hª de Caperucita Roja**
07/04 - xoves	11,00	CEIP Manuel Masdías	**"Tamborrada"**	Primaria	**Detective na noite de Reis**
08/04 - venres	18,00	Compañía María	**"La Cuadrilla"**	Xuvenil	**Peter Pan (o el niño que no quería crecer)**
14/04 - xoves	10,00	CEIP Ibáñez Martín	**"Ibáñez Teatro"**	Primaria	**Pilleite Carapuchiña!!!**
26/04 - martes	16,00	IES Carballo Calero	**"Tixuca"**	Xuvenil	**O paseo das esfinxes**
27/04 - mércores	11,00	San Rosendo	**"Teatro San Rosendo"**	Infantil	**Cuentos con lobo**
28/04 - xoves	12,00	CEIP Centieiras (Fene)	**"Agasallo"**	Xuvenil	**Morde-me !!!**
29/04 - venres	20,00	AC Estudio Teatro N + 1 C/ López Dafonte	**"Contraste"**	Xuvenil	**Sainetes + 1**
30/04 - sábado	19,00	Carballo Calero	**"Exklaxical"**	Primaria	**En busca del sol**
03/05 - martes	11,00	Cruceiro Canido	**"6° Curso CEIP"**	Primaria	**Auto da costureira**

ABRIL, DÍA 8

ASEMBLEA ASOCIACIÓN AGACAMT
ás 18 horas.

ABRIL, DÍA 11

DEBATE ORGANIZADO POLA FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS.
"CUBA – VENEZUELA: ANALISE DE DÚAS REVOLUCIÓNS" ás 19 horas.

ABRIL, DÍA 14

DÍA DA REPÚBLICA
Proxección dun DOCUMENTAL polo PCG
ás 20 horas.

ABRIL, DÍA 15

GRANDE ESPECTÁCULO DE FOLCLORE MEXICANO
ás 20 horas
no Auditorio FIMO (A Malata)

"De norte a sur .... música e danzas de México"

Contribución do público – 6 euros .
Socios e socias do Ateneo – 3 euros (Recollede o pase na nosa secretaría)

ABRIL, DÍA 20

20 de ABRIL – Proxección dunha película ás 19 horas: "TOMATES VERDES FRITOS"

ORGANIZA: ASOCIACIÓN CULTURAL DA ADMINISTRACIÓN. PÚBLICA

ABRIL, DÍAS 21 E 22

PROXECCIÓNS EDUCATIVAS

CINE E DROGA :
"O SUBMUNDO DA DROGADICCIÓN".



MAIO, DO DÍA 3 E 6

XORNADAS UNIÓN LIBERTARIA

MAIO, DÍA 17

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Adicado a LORENZO VARELA

XUÑO, DÍA 3

INAUGURACIÓN da EXPOSICIÓN e LECTURA DO FALLO DO XURADO DO CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE 2005 – ás 20,30 horas





Exposicións do Trimestre

Do 29 de ABRIL ao 11 de MAIO
EXPOSICIÓN de PINTURA
PILAR HERNÁNDEZ

Do 13 ó 25 de MAIO
EXPOSICIÓN de PINTURA
SABELA ARIAS

3 XUÑO
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA
50 Fotografías Seleccionadas do
Certame Fotográfico Medio Ambiente 2005

Novas de Artes Plásticas


A partir de agora imos a informar ós socios e socias do noso incremento patrimonial en relación coas exposicións celebradas, que como ben sabedes, cada ARTISTA que expón ten que deixarnos unha OBRA que pasa a formar parte dos fondos da entidade.

Nesta ocasión:

Autor: PACO OTI (Abaixo esquerda)

Autor: CARLOS ANXO PORTOMEÑE (LUGO)
ESCULTURA CARTÓN – PEDRA: "Os fusilamentos do 3 de maio". (Abaixo dereita)





CLUB DE LECTURA




Os días 5 de Abril e 3 de Maio ás 19.30 hrs.

Encontros coa LECTURA: Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

MartesDeCine

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine.
As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán o a partir das 20:30 h.
A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...



Pregase puntualidade.

Todos os Mércores

TERTULIA ás 18 horas.

Tódolos Últimos Xoves de cada Mes

AMICOR ás 20 horas.

XV CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

B A S E S

1.- Poderán tomar parte todos os gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán ser grileiras, redondas ou tumbais. A interpretación será sen acompañamento.

2.- REQUISITOS:
Os concursantes deberán enviar ao Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Ferrol):
2.1.- Unha cinta de audio ou CD gravada coa peza ***Amodiño*, de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.2.- A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor (cf. punto 7.1.).

3.- PLICAS.
3.1.- Os concursantes deberán enviar a cinta gravada de audio ou o CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras -orixinal e tradicional-; os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
3.2.- A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4.- As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5.- Co obxectivo de promocionar a participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido aos gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado **Gaiteiro de Soutelo***.

6.- Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:
- Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ao Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas bases.
- Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio "Gaiteiro de Soutelo".

Todos os finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal será tido en conta por parte do xurado.

7.- A interpretación no concurso constará de:
7.1.- Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso **Constantino Bellón,** e mais unha peza tradicional ou de autor.
7.2.- A interpretación de ambas as dúas pezas, no seu conxunto, non poderá sobrepasar a duración de 5 minutos.

Todos os finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva Maruxa Seoane para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no concurso.

8.- A dotación do premio será de
1.800 euros
con dous accésit de
600 euros

9.- **Concurso de composición para Gaita Galega Solista****.

10.- O xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11.- Como remate do concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para isto deberán traer unha gaita en Do, afinada a 440 Hz.

12.- O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13.- O prazo de inscrición remata o martes 12 de xullo de 2005.

14.- A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de agosto de 2005.

15.- Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do xurado. A participación no concurso implica a total aceptación destas BASES.

---


* *GAITEIRO DE SOUTELO*
(Punto 5 das bases do Constantino Bellón)

5.1.- Co gallo de promocionar a participación da Galicia do exterior no Concurso Constantino Bellón, a Consellería da Emigración convoca o Premio **Gaiteiro de Soutelo.**
5.2.- Poderán participar todos os gaiteiros dos centros galegos ou institucións da Galicia do exterior.
5.3.- Os concursantes deberán enviar á Consellería da Emigración:
5.3.1.- Unha cinta de audio ou CD gravada coa peza ***Amodiño*, de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
5.3.2.- A partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.
5.4.- PLICAS: Os concursantes enviarán a cinta de audio ou CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fóra co mesmo pseudónimo, deberán facer constar os datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. No mesmo deberán incluír o orixinal da partitura inédita presentada ao premio **Gaiteiro de Soutelo** e mais a copia da tradicional ou de autor.
5.5.- PRAZO: O prazo de presentación remata o mércores día 30 de xuño de 2005.
5.6.-PREMIOS: Os premios **Gaiteiro de Soutelo** consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ao concurso Constantino Bellón, que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de agosto do 2005, na cidade de Ferrol (Galicia).

Haberá catro premios.

** *CONCURSO DE COMPOSICIÓN PARA GAITA GALEGA SOLISTA*
Requisitos:
(Punto 9 das bases do Constantino Bellón)

9.1.- Poderán tomar parte todos os compositores que o desexen.
9.2.- É obxecto deste concurso premiar a mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista con ou sen orquestra ou conxunto instrumental.
9.3.- A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada nin ter sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin ter sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima de, aproximadamente, 5 min. e máxima de 12 min.
9.4.- Os traballos presentaranse manuscritos e en soporte informático, no enderezo do Ateneo Ferrolán.
9.5.- Este traballo virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
9.6.- O prazo de presentación das partituras rematará o día 28 de xuño de 2005.
9.7.- A dotación do premio será de 1.200 euros .
9.8.- O premio poderá ser declarado deserto.

ARTIGO 


MORTE NO AIRE II

A MALDICIÓN DO AMIANTO

Carlos Piñeiro Díaz
Médico

De "material máxico" o amianto cambia ao longo da historia, desde "material de interese bélico" ata "mineral maléfico" ou "fibra asasina", cando se establecen os primeiros diagnósticos das doenzas acusadoras de morte entre os traballadores expostos a esta materia prima tóxica e tan nociva para a vida, con exposición directa ou ocupacional, onde os efectos secundarios ocorren despois de períodos longos –ata máis de corenta anos despois da primeira exposición (período de latencia).

Ao longo da historia xa se coñecía o perigo do amianto, sen embargo, sempre se continuou no seu uso na etapa industrial pola súa versatilidade, a resistencia ao calor e o seu baixo custo. A morte de millares de persoas non figuraba nas operacións contables das situacións financeiras das empresas do amianto.



«Ao longo da historia xa se coñecía o perigo do amianto, sen embargo, sempre se continuou no seu uso na etapa industrial pola súa versatilidade, a resistencia ao calor e o seu baixo custo».

Aproximación á historia contemporánea do uso do amianto (ata o século XIX)


No ano 1684, membros da Sociedade Real de Londres discutiron a natureza dun tipo de tea tecida descrita como *o liño incombustible*, ou *a la da salamántiga*. Era un esforzo por explicar o fenómeno cientificamente descrito en moitas culturas desde hai máis de 1.500 anos, dunha tea que podía somerxerse no lume e coñecida por ser tecida usando fibras do mineral asbesto ou amianto. Este papel explora a evidencia para o uso histórico da fibra do amianto nos tecidos do téxtil antes do seu redescubrimento e o desenvolvemento comercial para a protección do lume no século XIX. Nun texto inglés de 1761 atópase unha descrición dun tecido feito con crisotilo italiano.

A minería do asbesto iníciase a finais do século XVII no continente americano, en Pensilvania. Durante o século XVIII localizáronse vinte minas de amianto en Europa, sendo a máis importante a de Reinchenstein, en Alemaña. A explotación industrial non se desenvolveu ata despois de 1860, baixo o pulo das industrias téxtiles de Italia e Inglaterra, e co descubrimento de importantes xacementos en Rusia (minas de crisotilo durante o reinado de Pedro O Grande, aparecendo unha fábrica de artigos menores de roupa con amianto en Rusia), América do Norte (crisotilo en Quebec no ano 1850, nas minas Thedford, levando a primeira mina comercial cunha produción de 300 toneladas métricas no ano 1879) e Sudáfrica (en 1805 descúbrese a crocidolita, o amianto azul, en Orange, denominado orixinalmente "Woolstone").

No século XVIII existían evidencias do uso de papel de amianto e tabulas en Italia. No pobo italiano de Como, o cóengo Cesare Gattino posuía un museo no que existía un foso con fío de amianto das escavacións antigas de Ercolano, sendo utilizado por Cándida Lena. A descubridora da fiadura do amianto, Cándida Lena Perpenti, italiana da vila de Chiavenna, logrou obter un fío de amianto útil para a industria téxtil a principios do século XIX, regalándolle un par de luvas ao príncipe Eugenio de Beauharnais, vice rei da Italia, no ano 1807. A fiadura da industria téxtil do asbesto valtellinese foi moi coñecida naquela época. No 1830,



Traballo nas fábricas de tecidos de Inglaterra (s. XIX)




Antonio Vanossi, continuador do traballo de Cándida, na mesma vila fixo pasar a un bombeiro, vestido de amianto, unha vintena de veces entre as chamas de dúas pías de leña de doce metros de longo e tres de ancho, sen ningún dano. O mesmo experimento repetiríao con éxito en Milán e no Mónaco de Baviera.


No ano 1828 emítese a primeira patente coñecida en Estados Unidos para material illante de amianto usado nos artefactos de vapor.

Arredor do 1853, os bombeiros empezan a usar casco e chaquetas de amianto na Brigada do Lume de París.











En 1857 aparecen os primeiros produtos de amianto en Inglaterra. A produción verdadeira iniciase despois desta data, cando se abren os depósitos en Canda e Sudáfrica, pasando a construír plantas fixas en varias áreas de Gran Bretaña a partir do 1880. Na década de 1860, producíronse embalaxes e empaquetadoras, como mesturanzas de asbestos e materiais fibrosos orgánicos, así como materiais feitos de "waterglass" e amianto.

No ano 1881, Robert Raine descubriu en Montana (Estados Unidos) o mineral vermiculita, unha variedade do asbesto, seguindo unha vea de cuarzo e na procura de ouro.

No ano 1896 a compañía Ferodo Limited en Inglaterra fabrica as guarnicións dos freos de amianto, impregnando as vendas do freo de amianto tecidas coa resina.

En 1899 aparece a primeira patente para a fabricación da primeira folla de cemento en Alemaña.

A finais do século XIX foi necesario o asbesto para illar partes da máquina de vapor que apareceu coa Revolución Industrial. Desde entonces a demanda e produción foi en ascenso e, por conseguinte, a súa obtención, distribución e uso estendeuse a case todo o mundo.


Unha morte anunciada:

Nas minas son frecuentes as mortes por enfermidades respiratorias. Naqueles tempos traballábase sen ningún tipo de protección e cunhas condicións adversas para o traballo mineiro, igual que nas primeiras industrias do amianto, que foron recibidas como símbolo da riqueza da época. Cando remataban os duros labores dos mineiros, despois de perforar, facer estalar as minas, traballar coas pas e transportar o mineral sobre os vagóns, pasaba o amianto aos almacéns próximos ás galerías da mina. Era transportado en costais de corenta quilos por nenos e mulleres ata os muíños que o transformaban en la de amianto e fibras máis finas para teceduras e outros materias de asbesto.

A finais do século XIX aparecen os primeiros traballos de carácter científico relacionados cos efectos das poeiras de amianto nos diversos traballos executados naqueles tempos, feitos denunciados polos primeiros profesionais da denominada *hixiene industrial*. Ao principio foi unha cuestión de iniciativa individual, pero pasouse, máis tarde (a mediados do século), a utilizar técnicas de medición dos efectos danosos:

- En cinco anos (1890-1895) relaciónanse cincuenta mortes co po de amianto na fábrica téxtil de Conde. O autor do traballo foi un inspector francés chamado Auribault.
- Un médico vienés escribiu en 1897 que a "emanciación" e os problemas pulmonares derivados do asbesto gardan relación coa inhalación de po como causa segura.
- Unha inspectora inglesa chamada Lucy Dene escribe en 1899, no informe anual de inspectores xefes de Factorías do Reino Unido: "Os efectos malos das poeiras de amianto tamén chamaron a miña atención. Un exame microscópico do po deste mineral, feito polo inspector médico HM, revelou claramente a natureza dentada das partículas, afiadas e como vidros, que cando permanecían suspendidas no aire do cuarto, en calquera cantidade, provocaban efectos que foron atopados como prexudiciais, como podería esperarse [...], ocasionando lesións dos tubos bronquiais e pulmóns atribuídas ao emprego das vítimas".
- No ano 1899 publícase o primeiro caso de cicatriz no pulmón derivada do traballo co po de amianto, e é denominada "corpos curiosos" (Murray). Descríbese nese ano o primeiro caso de *asbestose*, aínda que non se vai utilizar ese nome ata moitos anos despois (1927, polo Dr.Cooke).

«...o ano 1899 publícase o primeiro caso de cicatriz no pulmón derivada do traballo co po de amianto...».


ARTIGO 

A ANTIGA ATENAS E O FERROL MEDIEVAL. VISTAS PARALELAS

Por Andrés José Pena Graña

Impedíndome o dano da súa perda despedirme del doutra maneira, dedico estes papeis á memoria do meu querido amigo, ilustre polígrafo e egrexia persoa que me honrou en vida coa súa amizade, Don Manuel LÓPEZ BOUZA. Partindo do común florecemento do comercio marítimo do viño en dous históricos focos produtores europeos, a Grecia e a Ática da Antigüidade, e o Reino de Galicia e o Ferrol da Idade Media, o un atlántico, o outro mediterráneo, analizaremos as distintas causas da súa decadencia, como pretexto introdutorio da belísima e incrible historia medieval de Ferrol, merecedora de ser abordada polo miúdo ao longo de sucesivos números de Atenea.

Dionisos, como feito de dous retallos, semella o sincretismo de dous folclores, tracio o un, lidio o outro, dunha vivificante tradición solar de reputación irreprochable por unha parte, garante da fertilidade das árbores e da primavera coas súas flores, e dunha tradición golfa e *ctónica*, pola outra, onde o deus, acompañado de viciosos silenos, de lascivos sátiros, de ménades cos seus ramos (thiassos) e todos ebrios, en orxiástico frenesí, súbese ao carro tirado por panteiras. No mito, o deus Dionisos (o Baco romano) foi quen trouxo por mar o viño a Tracia fuxindo da súa patria, o lar dos "sopradores de espuma", en Mesopotamia.




Sosteñen algúns filólogos que, igual que a pataca ou o maínzo nos viñeron de América, as voces do viño, latinas, gregas e semítico-occidentais foron tomadas de forma independente de Asia Menor e o viño foi introducido en Europa. Por ese motivo Dionisos, deus do viño, como estranxeiro en Grecia, non estaba conectado a ningún festival do viño grego. Pero, como o viño non revela o segredo das suas orixes, outros, como o sanscritólogo da Sorbona, Eulogio Losada Badía, pensan que o viño, vindo a significar "auga de vida", ten nun radical *ui o seu pouso indoeuropeo, idea *se non vera, ben trovata*, sendo o viño, de se tomar con moderación, fonte de saúde, e os indoeuropeos reputados observadores.


Veña de onde veña, pensar na antigüidade do viño é pensar en Grecia, onde o arqueólogo detecta o seu consumo nos ambientes relacionados con cultos funerarios moi antigos (como acontecía no Atlántico co hidromel e a cervexa asociada ao vaso campaniforme) e con lugares premicénicos como Orcomenos, Tirinto e Micenas, do Heládico Medio ou do Bronce Tardío. Estes lugares oferecéronnos as sementes das uvas máis antigas de Europa xunto aos tapóns de cerámica estampados con follas de parra para a súa comercialización xa en época tan temperá. A prensa de viño máis antiga do mundo provén de Arhans, na illa de Creta.

Homero ilústranos na Ilíada e na Odisea, algo despois, o uso e o abuso do viño nas enchentes e nos funerais (CARREIRA & MÁGOA 2004), o simposíaco ambiente, chispeante de vida, dos gregos micénicos e da Idade Escura que a arqueoloxía non puido detectar até que a colonización grega recolleu e estendeu esta tradición e a arte de beber desde o sul de Italia e Sicilia, até Etruria e a Europa Céltica.

Pero, sendo o trigo a base da subsistencia, non todo era nin podía ser viño. Aínda que se abría paso o cultivo da videira, á custa de outrora espesos bosques e de outeiros cubertos de restrollo, case toda a Antiga Grecia en realidade mostraba unha paisaxe de grandes trigais á vista do viaxeiro.

A Ática, da época clásica, mestamente poboada, era a excepción. Alá o campesiño medio, coa súa granxa de 5,5 hectáreas, subsistía sen erguer a cabeza para contemplar o polícromo Partenón no alto da Acrópole, co suor da súa fronte, grazas á modesta produción do seu viño, do seu aceite de oliva e dos seus figos, cos que pagaba o pan noso de cada día e os impostos. A Ática dependía *in extremis* de cuan-





Pintor de Fíale 440-430 a.C. Hermes entrega a Dionisos ao seu titor Sileno. Crátera ática de fondo branco e figuras vermellas.

tiosas importacións cerealistas de trigo pagadas coas exportacións de viño e de aceite a prezo de ouro nos *world economic systems* e no regulamentado tráfico mercantil.

A Ática acordaba traballando nas videiras e durmía grazas ao viño. Conta Aristófanes cómo refuxiados de toda condición pasaban a noite en grandes *pithoi*, vasillas de viño con ancha boca dunha vara e tres metros de altura, por falta de aloxamentos durante as guerras civís, e é sabido que Diógenes, o filósofo, recibiu a Alexandre conquistador de Atenas sentado na soleada porta, ou boca, do seu *pithoi*.

Aqueles improvisados chalés unipersonais, os *pithoi*, estaban envernizados por dentro –un tratamento redutor da porosidade similar ao da nosa antiquísima cerámica de Gundivós– cunha resina de piñeiro mediterráneo que daba ao viño o arrecendo e apreciado sabor característico que aínda posúen o viño grego branco e áspero chamado *retsina*, e o máis suave, chamado *kokkinéli*. No fondo deses *pithoi* profundamente enterrados vertíase o mosto do lagar, constantemente atendido durante os seis meses de fermentación, até a primavera, cando se filtraba e se decantaba o viño en odres ou en ánforas.

A Ática aloumiñaba a comercialización do viño, ora a granel en ánforas de grande capacidade, ora ao detalle en magníficos vasos polícromos pintados por grandes pintores, ou en belos odres, e acompañábaa de belas manufacturas propias da arte de beber, uns produtos transportados nas adegas das naves mercantes ao longo do Mediterráneo e polo interior dos grandes ríos europeos, como cráteras, hidras, kilix, rhitons e infinitos complementos da enchente, aos que habería que sumar os ungüentarios e os espellos. E co saber de depuradas técnicas tradicionais, ilustradas por Teophrasto de Eresos (ca. 371-287 a. C.), alumno de Aristóteles, demostrándonos que desde a Antigüidade case nada mudou na arte vitivinícola e oleícola, confiando na bondade e na calidade dos seus produtos, todos na Ática vivían cun relativo desafogo económico das exportacións do viño e do aceite de oliva.

Pero as colonias gregas, nacidas como asentamentos comerciais, estenderon a videira por vastas áreas xeográficas. A fundación de Marsella (Massalia), emporio dos gregos focenses, inaugurou arredor do 600 a.C. a grande pompa da viticultura francesa, introducindo polo Rin e o Saona no corazón de Europa ánforas de viño, xerros de bronce con bico, e os extraordinarios obxectos da arte de beber que os arqueólogos atoparon nas principescas tumbas celtas da Galia. Con razón, en 1928, J. M. de Navarro (in *Antiquity* 2, 423) sostivo: *"Toda a arte céltica da Tene débese posiblemente á sede celta"*.


Alexandre Magno fomentou o cultivo do viño polo seu vasto imperio, creando novas áreas produtoras convertidas entón nos potentes mercados do mar Negro. Por un tempo seguíronse importando os mellores viños de Grecia e o mercado demandaba os viños tradicionais de moita calidade. ¿Sóalles? Pero a partir deste momento os trocos de gustos das veleidosas elites, as medidas proteccionistas –como aconteceu no Adriático co casualmente chamado Dionisos, tirano de Sicilia, que ordenou a autarcía (sic) fornecendo a sua illa de produtos autóctonos–, e a imparable extensión multifocal da videira en países outrora importadores, cortaron os mercados e o comercio da Ática. Cando se produciu a dominación romana en 146 a. C., a exportación de viño grego xa languidecía nas principais zonas produtoras.


Pouco depois do 128 a. C. o viño chegaba á China, cando o emperador se fixo traer e plantar unhas boas cepas, informado do invento polo xeneral Chang Ch'ien, que pasou un ano en Bactria empinando o cóbado nunha misión ao Oeste. Neste contexto imaxinamos hoxe como dentro de poucos anos, se non o fai xa, China brindará, e seica nós con ela, co seu cava. Dos figos non falo, cunha cesta chea deles xa falou abondo Catón no Senado Romano (o *Delenda est Carthago*).

«A prensa de viño máis antiga do mundo provén de Arhans, na illa de Creta».



La Crátera de factura griega de la princesa de Vix (Côte-d'Or) de 280 kg de peso y 1.100 litros de capacidad es el más extraordinario ejemplo de la importancia del banquete entre los celtas.





Stamnos etrusco y cantharos ático de la tumba principesca de La Motte-St-Valentin (Haute-Marne)

No contexto expansivo deste cultivo introducido polos conquistadores ata en Britania, nada tería de particular que, estando Brigantia máis preto de Roma que Beijing ou Shangai, Galicia e o noroeste hispánico cultivase viños brancos durante a dominación romana, que pouco a pouco se irían adaptando ás variadas condicións edafolóxicas. Correspondéndose os viños brancos da mellor calidade ás raias do cultivo da videira, con condicións climáticas de baixa insolación, era viable a introdución do viño de calidade en Galicia en épocas moi anteriores á Alta Idade Media –o que explicaría a presenza de amplos dimorfismos xenéticos en tres variedades da uva albariña. Non acontecía o mesmo cos bos tintos, cultivados nas zonas intermedias da faixa climática da videira, por precisar dunha alta insolación, e de condicións propias dos climas mediterráneos.

A Europa atlántica, bárbara e celta, non parva, importaba o viño en grandes cantidades, aínda que no seu elenco de bebidas alcohólicas autóctonas figuraban o hidromel e certa variedade de cervexas, entre as que sobresae a *zythos* de trigo. Plutarco consideraba de primitivos este consumo de hidromel, e sostiña que "*antes de que o viño se fixese coñecido da humanidade, [esta] usaba mel, o mesmo como bebida que como ofrenda*" (conviv. IV.5), e engadía: "*e mesmo agora os bárbaros que non coñecen a viticultura teñen unha clase de bebida de mel e por medio de raíces adecuadas cun gusto semellante ao viño*".


Viños tintos de calidade, exportados do Mediterráneo ou da Bética, foron os viños andaluces de Gades, e seica os viños cataláns de Laurión, como acontece hoxe cos de Xerez ou do Penedés, moi reputados na antigüidade no mundo romano, como o amosa a imaxe do Monte Testaccio de Roma, un xigantesco milladoiro feito coas ánforas destes vinos. As ánforas de viño dos castros de Lobadiz (Ferrol), ou de Lopesa (Narón) ilustrarían esa importación de viños andaluces e mediterráneos.


Galicia aberta ao mar atravesaba un bo momento, floreceron luxosas *villae* nas que apareceron fermosas louzas de *terra sigillata* importadas de África que nos falan dun tráfico mercantil e de certa riqueza e benestar nas elites, como as *uillae* da ría de Ferrol, de Noville e Littoriana. Posiblemente este é o nome da recentemente aparecida cando unha chamada telefónica anónima informou ao que escribe este artigo de que se estaban a destruír restos arqueolóxicos nos



que aparecía *terra sigillata* nas obras da gasificadora. Imediatamente notifiqueille persoalmente a un "arqueólogo empresarial" local amigo esta circunstancia. Informeino da existencia do que podería ser unha nova *uilla*, distinta a Nobille (sic) [nome tomado posiblemente do *possesor* e fundador epónimo chamado Nobilius], dicíndolle que podería ser a Littoriana dos diplomas: "*[...] in Território Bisauquis uilla nuncupata littoriana*" [AHN cód. 976b, f. 13v. in PALLARÉS MÉNDEZ 1979]. Confirmada a miña noticia e excavados entón pola súa empresa os restos que quedaron da nova *uilla*, que grazas á miña informante e á miña información se salvaron da destrución, pese a mostrarse agradecidos, non ma puideron deixar ver os arqueólogos empresarios, nin sequera amosarme unhas fotos, nin me podían dar explicación ninguna e, diante de tanto misterio, non conclúo nada.

No século IV ou V d. C., se non antes, sería operable que na ría de Ferrol se cultivase xa algún tipo de viño branco dalgunha calidade –isto, claro está, tomado como mera hipótese que non por formulada é certa– sendo posible a sua comercialización, non en ánforas, senón en barricas, *ex more* dos mercaderes do Atlántico, xunto con conservas de pescado









seco, polos provinciais, non provincianos, *possesores* galaico-romanos de *uillae* como Noville e Littoriana. Se cadra tiñan todas elas os seus viveiros, os seus almacéns, as súas instalacións portuarias, asolagadas hoxe na ría de Ferrol.

Galicia enteira atravesaba a sua época de esplendor na baixa latinidade, cando o Imperio Romano se colapsaba. Florecía o comercio co norte de África e coa Europa Atlántica, e un cultivo extraordinario da Historia, das letras latinas (con Hidacio e Orosio) e incluso inventábase o turismo de elite, coa ilustre monxa Egeria e o seu séquito (iunha muller naqueles tempos!) viaxando a Terra Santa. Neste ambiente tan aberto a provincia de Gallaecia puido ser un centro importador de mercadorías e exportador de conservas, e puideron os ricos *possesores* galaico-romanos –seica en Miranbell fronte á illa de Toralla en Vigo, en Noville, en Littoriana, ou no salgadoiro de Cariño–, ter peiraos propios e barcos mercantes introducidos nas correntes comerciais da época.




Primeira cláusula conservada dun foro "Quinqumque auxe quaruqq<ua> verba quiqui [...]e" identificada (PENA GRAÑA) en Galicia, aparecida na *Villa de Nobille*

Hai dez ou máis anos, mentres se remexía unha enorme cantidade de area no Porto de Meirás para facer unha piscifactoría, un vixilante xurado recolleu unhas moedas de cobre, veu ao meu despacho do Concello de Narón e ensinoumas. Chamáronme a atención un medio calco do último terzo do século III a. C., coa cabeza de Melkart e a súa pel de león (á esquerda) e cos seus dous atúns (tamén á esquerda) no reverso –como as de Bares–, unhas moedas romanas baixoimperiais, catro antoninianos, un de Galieno, outro de Constantino e dous de Constancio, e dúas moedas medievais, de Enrique III e de Carlos II. Quitei unha foto, que puiden atopar. E aínda que hai que tomar estes achados sempre con certa reserva, referindo o caso ao mencionado "arqueólogo empresarial" amigo meu, por se o quería investigar, lembro terlle manifestado hai algúns anos que dalgunha forma a actual piscifactoría de rodaballos podería continuar unha interrompida tradición. Aquelas moedas poderían amosar que algo se tería movido intermitentemente no Porto de Meirás acaso antes de que se establecese alá unha industria baleeira e un centro pesqueiro na Baixa Idade Media ¿Prospectores de metais? ¿Buscadores de ouro? ¿Recolectores de estaño nas areas?




1 moneda púnica, cuatro monedas romanas y 2 monedas medievales posibl. de O Porto (Meirás)



Ese "algo" precedería as incribles aventuras medievais, mariñeiras e comerciais, da próspera e fascinante vila de Ferrol, co seu inmellorable porto, e aínda de Galicia, coas suas rías abertas ao mar, facendo valer a sua vantaxosa posición entre Europa e o Mediterráneo no tráfico marítimo internacional. Aventuras asombrosas que iremos aos poucos referindo, se Deus o quer, en próximos números de Atenea, até o triste fin co que comezo e remato esta introdución, cando, perdendo o seu norte e o seu rumbo, a Galicia e o Ferrol esqueceron –ou se lles fixo esquecer– ao cabo os seus portos exteriores e a sua vocación comercial nata. A súa historia acabou como a dos cegos á procura do elefante, con todos nós esperando a marchar con Godot nunha viaxe de alta velocidade cara a ningures e, o que é mais absurdo, co centro convertido en periferia.

Dito isto, pode ser un bo principio comezar desde a Idade Moderna, polo final do conto, cando a carroza de *Cinderella* se nos convirte outra vez nunha cabaza. Comezar esta nova serie dedicada á historia medieval de Ferrol polo final do conto, desde a Idade Moderna, pode ser un bo principio.

«Chegoume a nova de que se estaban a destruír restos arqueolóxicos nos que aparecía *terra sigillata* nas obras da gasificadora... Confirmada a miña noticia e excavados os restos que quedaron da nova *uilla*, non ma puideron deixar ver os arqueólogos empresarios, nin sequera amosarme unhas fotos, nin me podían dar explicación ninguna».



Información testifical instruída o 2 de setembro de 1603 polo escribn Antonio Jácome Piñeiro solicitando ao concello, xustiza e rexemento da vila a concesión dunha feira para compensar os danos producidos pola presenza das armadas reais en Ferrol:

"Rodrigo Monteiro, clérigo, cura y rector del fuerte de San Felipe [...] declara

Que no es vecino ni natural de la villa del Ferrol, que dende diez y seis años a esta parte poco más o menos las armadas reales del rey nuetro señor, sabe esta testimuña y ha visto por vista de sus ojos que por muchas veces an estado ansy de ynvierno como de verano en el puerto de la dicha villa del Ferrol y dende el dicho tiempo a esta parte los soldados y gente de guerra que yban y benian en las dichas armadas an echo muy grandes daños a los vecinos de la dicha villa del Ferrol comos hes que les tomaban las casas donde ellos vivían y les echaban fuera dellas y les azian que fuesen buscar otras casas a otras partes y los dichos soldados y gente de guerra se quedaban por fuerza en ellas quemando las tablas y madera de algunas dellas y aziendo de manera que [...] se cavan y les han decepado y cortado sus viñas rompiendo sus muros y cerraduras dellas y an asimismo decepado y talado los montes y madera que en ellos auia y tomaban por fuerza los barcos a los vecinos de la dicha villa del Ferrol y les azían a sus amos yr con ellos para el servicios de las dichas reales armadas serviendose dellas para dar carena á los navíos que allí estaban y para pasar la gente de guerra y soldados de unos á otros y para carrear los materiales y lo mas necesario para ellos y para el edificio de los fuertes que allí se an echo y para acarrear lo necesario para hacer los hornos que en la villa de Neda se an echo y para llevar el trigos á ellos impediendoles con los dichos servicios que no pudiesen ir a pescar para sustentarse a si y a sus mugeres e hijos y mas gentes de sus casas por seren pescadores la mayor parte de los vecinos de la dicha villa del Ferrol y no tener otros tratos ni oficios de que sustentarse; y en el tiemo de la hubas se las comían y dustruían y lleba<ba>n unas en agrazes y otras en pampanos para hacer dello ensaladas, sin les pagar por razón de lo uno ni de lo otro cosa alguna, comiéndoles y destruyendoles ansimismo las frutas de sus arboles y los repollos y berza y nabos y mas lelgumbre de sus guertas, sacandoles ansimismo las tablas y madera de sus casas para el reparo y beneficio de los dichos navíos, de todo lo qual a los vecinos de la dicha villa del Ferrol se les ha seguido y sigue [...] y perdida mas de terinta mil ducados, y lo sabe el testigo por lo haber visto como dicho tiene.

Que sabe el testigo que con los grandes daños y estragos que los vecinos de la dicha villa del ferrol han recebido en sus personas y bienes de los dichos soldados y gente de guerra que han ido en las dichas reales armadas al dicho puerto del Ferrol estan muy perdidos y destruídos y pobres [...] que despues que las dichas reales armadas vinieron al dicho puerto y villa del Ferrol los vecinos della coxen muy poco pan y vino de sus labranzas por les haber quedado todo destruido con los dichos daños que han rescebido de la dicha gente de guerra, y la mayor parte del pan y vino y carne que se gasta en la dicha villa casi todo viene de fuera y lo traen allí a vender forasteros por no haber en la dicha villa como solía, y lo sabe el testigo por lo haber visto por muchas veces como dicho tiene.

Que sabe que desde que las dichas reales armadas han ido al dicho puerto del Ferrol muchos de los vecinos de la dicha villa se han salido y ausentado della por los muchos daños que habían y han recebido y por les haber la dicha gente de guerrra derribado sus casas y llevado lo que tenían y se an ido a vivir a otras partes, y donde solía haber más de ducientos y zincuenta vezinos y al pies de trescientos en la dicha villa y todos ricos y hazendados agora por dicha causa no quedaron en ella cien vezinos y esos estan muy pobres y necesitados, que no hay persona rica en la dicha villa ni que tenga en ella bastante para su sustento y de la gente de su casa sino son tres o cuatro hombres que tienen buena hazienda y los demás se substentan por sus trabajos con harta pobreza y necesidad, y lo sabe el testigo por que los conoce muy bien [...].


Que le parece y tiene para consigo como cosa cierta que los vecinos de la dicha villa por causa de los grandes daños que han recebido con las ditas armadas y gente de guerra que en ellas vino y haber quedado muy pobres y necesitados como al presente lo están no podrán redificar sus casas como de primero las tenían ni podían volver á plantar sus viñas y guertas y cerrarlas y restaurarse de los daños y agrabios que han rescebido y volverse á poblar la dicha villa de vecinos como de primero estaba sino hes aziendoles merced el rey nuestro señor de les mandar pagar los dichos daños y dándoles un mercado y feira franca que durase un mes en cada un año á que pudiensen acudir de todas partes a vender libremente forros de todo tributo y alcabala muchas mercadurias y dello reundaría mucho probecho a la dicha villa y vecinos della [por que] los sitios y casa y [...] que tienen caídas y no las pueden levantar á sus costa por seren pobres vendran mercaderes al dicho mercado y feria franca que las levantarían á su costa por que se las dejasen sin alquileres por el tiempo que durase el dicho mercado; y de otra manera han siempre de vivir pobres y nedesitados. Que sabe el testigo que el puerto de la dicha villa del Ferrol es muy grande y seguro y de los mejores que hay en toda España para estar e invernar en el las reales armadas del rey nestro señor y le paresce que sera muy de servicio se su magestad que la dicha villa se vuelva a poblar a redificar las casas y viñas y guertas como de antes solia para que mexor los vecinos y moradores della puedan acudir al sevicio de su magestad que se ofreciese para que haya muchos vecinos para ello.

Que sabe y ha visto que antes que viniesen las dichas Reales armadas y gente de guerra al dicho puerto y villa del Ferrol avía al derredor de la dicha villa más de cuatro mil jornales de viña que eran de los vecinos e moradores della y adonde coxían en cada un año uno con otro mas de seiscientas pipas de vino y con los dichos soldados y xente de guerra se han destruído y despoblado de manera que no han quedado mas al presente veinte y cinco jornales de viña y en solo esto los vecinos de la dichoa villa a parecer de esta testimuña han perdido y rescebido de daño mas de veinte mil ducados porque las dichas viñas todas eran de [...] y estaban puestas encima de mucha madera y al volverse a poner y a [...] de madera y bazelos y vides como de primero estaban no se hacía con los dichos veinte mil ducados por haber menester para ello grande cantidad de madera y trabajo, y esto lo sabe el testigo por haber visto muy bien las dichas viñas.

Que sabe el testigo que al derredor de la dicha villa del Ferrol y diez leguas en contorno hay mucha madera de roble y castaño y pino y nogales y otra madera y que aunque a los vecinos de /383/la dicha villa del Ferrol su magestad el rey nuestro señor les haba merced darles licencia para embarcar cien mil carros de madera para la llevar a vender fuera deste reino sin embargo dello quedaria en la dicha tierra mucha cantidad de madera y la que fuere necesario para el gasto de la dicha tierra y para real servicio del rey nuestro señor y de sus reales armadas por ser como la dicha tierra hes mucha parte della muy montaña (sic) y haber en ellas mucha madera, y le parece al testigo que a la tierra donde se sacase la dicha madera sería de mucho probecho e utilidad pagandose a los dueños della su valor, y los sae el testigo por saber muy bien la comarca e conocer al derredor las diez leguas que dicho tiene.

Que todo lo por esta testimuña declarado es la verdad y en ello se afirmó y retificó y firmado de su nombre. Rodrigo Montero, clérigo".

[Antonio Jacome de Piñeiro. Archivo General de Galicia, G. S. 17-L núm. 8, in *Almanaque de Ferrol* para 1.905 Imprenta de *El Correo Gallego* 1904, pp 73-76. (Cf. Pena Graña 1992, pp. 353-385, ib. p 382-3)].



O VIÑO V

Penúltima entrega

por Tono da Graña

Magister Bachanalium da Beatífica Cofradía del Colmillo

¿A que xa empezan a osmarse os efluvios das adegas onde están a preparar os caldos que nos servirán para a traca final?

Traca que, segundo dixemos, serán dúas catas. Para iso imos xa de camiño e sen máis dilacións entrar en materia.

CONDICIÓNS PARA CATAR

O exercicio da cata esixe o cumprimento dunha serie de requisitos, pero que poderían partirse en dous grupos: as condicións externas, que veñen determinadas polas características do ambiente no que se fai a cata e as do propio catador.

As condicións externas veñen determinadas polo espazo físico no que se vai desenvolver a cata, a temperatura dos viños que se van someter a análise e mais a ferramenta con que se vai facer. É dicir, a cata de viños.

A SALA DE CATA

É importante e que sexa un local con boa ventilación, mellor de teito alto, de maneira que acolla moito osíxeno para mitigar a fatiga do catador. As paredes, se non brancas, deben ser o máis claras posibles.

De calquera das maneiras, os cataviños **si** deben ficar nunha **superficie branca** para, deste xeito, poder contrastar o catador os distintos matices do viño.

Importante tamén é que o local sexa luminoso, de maneira que se poidan apreciar os distintos matices da cor, así como a brillantez do viño.

Por último, diremos que un ambiente excesivamente caluroso vai contribuír á deshidratación da mucosa nasal co que, evidentemente, se vai reducir a sensibilidade olfativa. Poderíase tomar como solución intermedia que a sala estivese a uns 20°C.

TEMPERATURAS PARA CATAR

Non precisan ser forzosamente as mesmas, aínda que as catas profesionais se deben facer entre 15°C e 20°C, sen distinción de viños.


Pola contra, para satisfacer a busca hedonista do afeccionado, ademais do bebedor entendido, os viños deberanse presentar o máis cerca posible da temperatura considerada como óptima segundo fixan os enólogos de cada adega.

Aínda así –por desmitificar– quero facer unha achega: a temperatura ideal non é tan sinxela de determinar. ¿Por que? Porque a definición é moi subxectiva. Vai depender, a pesar dos viños, do ambiente, dos costumes e mais o gusto do consumidor.

Mitos fóra.

Aí un axioma: "Unha temperatura para cada viño, unha temperatura para cada gusto".

Por poñer un exemplo, poderíase dicir que un viño tinto a 20°C podería convirlle a un prato forte. Sen embargo, resultaríalle excesivamente morno a un queixo curado.



MINI-LÉXICO

AS CORES DOS VIÑOS:


BRANCOS
- amarelo (pálido, escuro)
- amarelo verdoso
- amarelo limón
- amarelo palla
- ámbar
- amarelo dourado
- palloso

ROSADOS
- rosado
- clarete
- rosa framboesa
- pel de cebola
- alaranxado
- salmón

TINTOS
- vermello cereixa
- rubí
- granate
- violeta
- violáceo
- tella
- cobreado
- caoba
- dourado

ESTADO DE LIMPIDEZ
Brillante, cristalino, límpido, limpo, revolto, quebrado.

ESTADO DE ENTURBAMENTO
Sospeitoso, opalescente, opaco, apagado, turbio, velado.




Penso ir engadindo ademais, os vocábulos máis usuais para definir o viño. Empezarei polo...

AROMA.
Son 8 series. Aí van as tres primeiras.

Serie animal: ámbar-caza, venado, encebolado de lebre, pel, can mollado–almiscrado, cliveta suor, sebo-ouriños de ratón, de gato-carne, carnoso, marinado-indol, escatol, faisanado-macerado, olor da marea sucia.

Serie balsámica: aceite de cimbro, pin, pitchpin, resina, resinado, resinoso, trementina, incenso, vainilla, avainillado.

Serie madeira ou de madeiras: madeira verde-madeira vella, madeira rancia–madeira de acacia, de carballo, de cedro, de sándalo, lapis, caixa de puros, ducla, cortiza-leñosa-madeira rancia de Cognac, Armagnac.



O CATAVIÑOS

O tipo de copa que se vai usar terá grande incidencia sobre a calidade e a intensidade das sensacións acadadas.

Hoxe en día está aceptado que a copa que debe empregarse é a chamada "copa Afnor". É unha copa experimental e, como tal, escolleuse por ser a que mellores resultados acadou entre centos de modelos que se presentaron.

MANEIRA DE USALA

A copa collerase soamente polo pé, entre o polgar e o índice; desta maneira nin se mancha nin se apegan os aromas que man poida transmitir. Ademais (e isto é importante), evítase transmitir a calor corporal a través das mans.

Tamén é importante enxaugar a copa –sexa con auga ou co propio viño a catar– antes da degustación. Esta operación haina que facer cada vez que se vai catar un viño. No caso das catas compartidas hai que contar con tantas copas como viños.

CONDICIÓNS DO CATADOR

A cata é un exercicio que quere calma. Habendo présa, de seguro que se van perder moitos dos matices do viño e, consecuentemente, a cata non ficará correcta.

As mellores horas son as que preceden ás comidas. Dende media mañá até a comida e dende media tarde até a cea.

Por último, lembrade que o viño é o grande protagonista da cata. Por iso, as condicións terán que ser precisas:

- deberá ter, polo menos, tres días de repouso.

- quitarase o tapón xirando sempre o tirarrollas (nunca a botella), e na procura de que non rompa a cortiza.

Desta maneira acadaremos unha porción de viño limpo e tranquilo. ※



XOSÉ MANUEL BUDIÑO, GALARDOADO CO PREMIO *OPINIÓN*

Zume de Terra, o último disco de Xosé Manuel Budiño, vén de ser galardoado co IV Premio Opinión. Este galardón concédeno cos seus votos xornalistas e críticos de dentro e fóra de Galicia. Con este recoñecemento como mellor álbum de 2004, Budiño afronta o novo ano co aval do éxito xa colleitado dentro e fóra co seu terceiro disco.


Desde os seus inicios no mundo da música, Budiño soubo que este instrumento ancestral tiña un papel relevante que xogar nos ritmos contemporáneos. *Zume de Terra*, o seu último disco, é un achegamento entre a tradición e as novas tecnoloxías, unha posta ao día do legado dos ancestros. Co seu terceiro traballo, Budiño atopa a fórmula para fuxir do abafante revisionismo que caracteriza os nosos días.

Zume de Terra é un novo concepto no contexto da música en Galicia. Para este novo lanzamento, Budiño contou con importantes colaboradores de diferentes xeografías como son o músico bretón Jacky Molard, os escoceses Capercaillie e Michael McGoldrick, o músico e productor Júlio Pereira, e as voces de Sara Tavares (Cabo Verde) e a brasileira Lilian Vieira (Zuco 103). O artista asumiu integramente neste o traballo de composición, arranxos musicais, produción e gravación.



Xosé Manuel Budiño naceu en Moaña e formou parte de grupos como *Semente Nova, Xarabal, Fol de Niu*, etc. Na década de 1990 participa na xira dos Mestres Solistas Europeos da Gaita representando a Galicia. O seu primeiro disco *Paralaia* chegaría no ano 1996. Seguiríalle en 2000 *Arredor*, unha obra que apunta un espírito e vontade rupturistas, con cabida para ritmos e músicas ben diferenciados como o funky, drum'n bass, new age, folk e música tradicional.

Sen dúbida, para o gaiteiro o 2004 será un ano inesquecible. Con *Zume de Terra* probouse a si mesmo a capacidade de emprender novas vías na música asumindo a responsabilidade de todo o proceso. Desexaba un disco universal con forte arrecendo galego e abofé que o conseguiu. En palabras do actor e director Carlos Blanco, este *Zume de Terra* é "suave, sedoso, elegante e frugal en ocasións. Rítmico e bailable como poucos. Unha romaría na néboa. Unha paisaxe. Inesquecible". O Premio Opinión vén ser a guinda para un traballo tan especial para Xosé Manuel Budiño.



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMUNICA:

O Presidente do Congreso, o socialista Manuel Marín, revogou a decisión de permitir o uso simbólico das linguas cooficiais.

O deputado do PSOE e Presidente do Congreso, Manuel Marín, redactara un escrito permitindo expresarse brevemente en galego, éuscaro e catalán nas intervencións orais no Congreso, e sempre coa inmediata tradución ao español.

Lonxe de triunfalismos, xa advertimos tamén no seu momento que tal concesión se trataba tan só dun comunicado de dous folios, que non supuña modificación ningunha do Regulamento, e que simplemente recoñecía o que viña sendo proceder habitual dos deputados das forzas nacionalistas.

Pois ben, Manuel Marín, castelán natural de Ciudad Real, revogou o 28 de febreiro esa decisión. Xustificou o troco argumentando que ten habido actuacións de deputados dirixidas a "sobrepasar e forzar" a súa recente concesión. Referíase ao incidente ocorrido na intervención do deputado de Esquerra Republicana de Catalunya, Joan Tardà, que cando levaba 19 segundos de introdución en catalán na súa intervención, foi interrompido polo socialista "amb molt mala educació", segundo el mesmo afirmou.

O BNG, da man de Francisco Rodríguez, atribuíulle a Marín unha "mentalidade inquisitorial", afirmando que coa súa desafortunada decisión esta "perdendo os papeis" ao tentar solventar os seus "pequenos problemas con ERC" reprimindo todas as linguas.

Pola súa banda, o deputado de Esquerra, Joan Puigcercós, que á súa vez é presidente da Comisión de Medio Ambiente, anunciou que el non terá inconveniente en que os deputados galegos, vascos e cataláns usen as súas linguas se así o quixeren na comisión que dirixe.

A decisión de Marín foi tamén criticada por CiU, EAJ-PNV, EA, Nafarroa Bai e Izquierda Unida, alén dos mencionados ERC e BNG.

Resulta paradoxal comprobar a dupla vara de medir en temas lingüísticos que se aplica na capital do Reino. Mentres que coas linguas do propio Estado se impón unha política "sen concesións", cando van a Bruxelas choran e láianse porque o español sexa considerado unha lingua de "segunda división" na UE, á mesma altura que o letón, tal e como se afirmaba nun artigo de opinión o 27 de febreiro no xornal madrileño *El País*.

Desde A Mesa agardamos unha rectificación, e consideramos que o único xeito de evitar que un dereito fundamental como é o uso da lingua propia estea ao libre arbitrio dunha persoa é a modificación do Regulamento para axustar o funcionamento das Cortes Xerais á realidade plurilingüística do Estado.

A PRIMEIRA EXHUMACIÓN DE FUSILADOS GALEGOS FARASE EN LUGO

Un centenar de familias galegas buscan desaparecidos durante a Guerra Civil. Cerca de mil galegos están enterrados en fosas comúns.

Galicia é unha das autonomías máis remisas a recuperar os restos das vítimas do franquismo.


Aínda que a ditadura terminou hai máis dun cuarto de século, as feridas do franquismo non cicatrizaron. Os fusilamentos non son esquecidos polos familiares das vítimas. En verán, un equipo de arqueólogos realizará a primeira exhumación de fusilados galegos durante a Guerra Civil.

Dúas familias de Lugo puxéronse en contacto hai seis meses coa Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), o grupo orixinario do Bierzo leonés promotor das primeiras exhumacións de fosas comúns, para recuperar os restos dos seus achegados. Emilio Ríos Martínez e José Fernández Rolle están enterrados dende hai máis de sesenta anos no monte da Penela, no Vicedo (Lugo).

Esta será a segunda exhumación que se realice en Galicia, pero a **primeira de vítimas galegas**. En verán de 2003, a ARMH, formada por 300 voluntarios, exhumou os restos dun republicano andaluz na provincia de Ourense. O corpo do xienense Miguel Cardeñas Lozano permanecía enterrado na zona de Soutadoiro dende que fora fusilado en 1949.

Até o momento, a ARMH abriu un total de 57 fosas e recuperou os corpos de 448 vítimas do franquismo en toda España. Nos próximos meses exhumará os primeiros restos de fusilados galegos enterrados en Galicia e continuará cos traballos xa iniciados en Andalucía, Cataluña e Asturias, entre outras autonomías.

FORO POLA MEMORIA HISTÓRICA.



RUMOROLOXÍA ....

• Chéganos a *onda* de que un importante grupo de expertos está a preparar un amplo traballo sobre a nosa terra e as nosas xentes, do que conseguimos os posibles títulos e temática. Aí van:


TÍTULO:
"O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL E SOCIAL DA GALICIA PRESIDIDA POR D. MANUEL FRAGA".

CAPÍTULOS:

1. **INFRAESTRUCTURAS:**
   - ESTRADAS
   - FERROCARRIL
   - PORTOS E AEROPORTOS
   - EDAR`S (ESTACIÓNS DEPURADORAS)
   - EQUIPAMENTOS DE PREVENCIÓN DE DESASTRES
2. **O SECTOR NAVAL GALEGO**
3. **MONOGRÁFICO SOBRE DO ENCORO DO UMIA**
4. **MONOGRÁFICO SOBRE DA PLANTA PAPELEIRA DE ENCE**
5. **MONOGRÁFICO SOBRE DA PLANTA DE GAS**
6. **MONOGRÁFICO SOBRE DO PRESTIGE**
7. **MOVEMENTOS, GRUPOS DE PRESIÓN, PERSONALISMOS, TENDENCIAS E INFLUENCIAS VARIAS DENTRO DO GRUPO POLÍTICO QUE SUSTENTA O GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA.**

EPÍLOGO: Análise sobre da pretendida "superintelixencia" do presidente Fraga vista a través da súa previsible "caída", evitable con intelixencia e INEVITABLE dada a súa teimosía manifesta e a incapacidade demostrada daqueles dos que se rodeou.

NOTA: Será verdade ...., unha "FILTRACIÓN" interesada ..... ou quizais un documento-despedida da actividade pública de D. Manuel .... ixa veremos!.





O MARTES 22 DE FEBREIRO NAUFRAGA O PESQUEIRO DE BURELA *SIEMPRE CASINA*

NEGRA CRONOLOXÍA

No ano 2004, no sector da pesca en Galicia houbo vintedous mortos, que disparan ata un 57,1% a sinistralidade do sector en Galicia. Nos case dous meses que levamos do 2005, o balance xa é demasiado negro: se se confirman como vítimas os oito mariñeiros desaparecidos do barco de Burela, o número de mortos nos cincuenta e tres días deste ano aproxímanse á metade dos rexistrados no ano anterior.

A mediados de xaneiro morreu Antonio Prol Galiñanes, naseiro do Grove cuxo corpo foi localizado nunha zona próxima ao lugar onde apareceu a súa embarcación.

A segunda vítima mortal das augas galegas deste tráxico 2005 foi un mariñeiro da Garda, que pereceu tras envorcar a súa embarcación na desembocadura do Miño cando el pescaba.

O naufraxio do *Siempre Casina* é o primeiro dunha embarcación de máis de dez metros de eslora.

A desgraza do *Siempre Casina* ten antecedentes próximos. O naufraxio do pesqueiro *O Bahía*, no que perderon a vida dez mariñeiros galegos, ocorreu en xuño fronte ás costas de Malpica. Seis corpos puideron ser recuperados; outros catro non abandonaron as augas da Costa da Morte.

O *Nuevo Pilín*, un pesqueiro con base en Santoña que se afundiu no Cantábrico, toca tamén A Mariña, pois no seu naufraxio desapareceu un veciño de Viveiro: José Ramón Pérez Parapar.

Outros dous afundimentos graves foron o do *Fátima* e o do *Hansa*, ocorridos ambos no ano 2001 e nos que pereceron trece mariñeiros.

No ano 2000 afundíronse tres embarcacións galegas, deixando dezaoito vítimas. Os barcos foron o *Arosa*, de Marín, no que morreron nove persoas; o *Panchito*, con base en Laxe, onde morreron cinco mariñeiros, e o *Buraz*, de Ribeira, no que pereceron catro tripulantes.

Os naufraxios con maior número de vítimas galegas foron os dos barcos *Hermanos Díaz Colomé*, en 1991, e *Velasco II*, en 1989, con vintedúas vidas entre os dous. O primeiro era un arrastreiro da Coruña que foi abordado por un mercante. O segundo, un palangreiro da Guarda.





Lamentamos que teñan que vir mergulladores de Cartagena, cando Galicia é a primeira potencia pesqueira de Europa.

¡SOLIDARIEDADE COAS SÚAS FAMILIAS!



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ E ANDREU MARTÍN GAÑADORES DOS XIII PREMIOS EDEBÉ – XANEIRO 2005. ¡PARABÉNS!



Agustín Fernández Paz

Agustín Fernández Paz (Vilalba - Lugo, 1947), con *A escola dos piratas*, e **Andreu Martín** (Barcelona, 1949), con *Los dueños del paraíso*, son os gañadores da XIII edición do Premio Edebé nas súas modalidades xuvenil e infantil.


Co pseudónimo *De Omegna a Mondoñedo*, cidades nas que naceron Gianni Rodari e Álvaro Cunqueiro, Agustín Fernández Paz presentou a novela ***A escola dos piratas*** ao premio. Unha homenaxe á fantasía, á imaxinación e o seu poder de cambiar o mundo. A historia narra as peripecias dunha escola na chuviosa Galicia que, por arte de maxia, convírtese nun barco, os alumnos e alumnas en piratas e o profesor no Capitán Kidd.

A denuncia de frei Bartolomé de las Casas do xenocidio da conquista de América é o punto de partida da novela ***Los dueños del paraíso***, de **Andreu Martín**. Unha crónica negra da chegada dos primeiros españois ás Américas a través da mirada de dous mozos estudiantes. A medida que avanza a novela, dúas conquistas materialízanse, unha humana e outra histórica, nun perfecto xogo literario a catro mans.

As dúas obras gañadoras serán editadas nas catro linguas oficiais do Estado: catalán, castelán, vasco e galego, e gracias a un acordo coa ONCE, en braille. As novelas estarán nas librerías dende marzo.



Andreu Martín





PREMIO MAX DE TEATRO 2005
CATEGORÍA DE MELLOR AUTOR TEATRAL EN GALEGO:
JOSÉ LUIS PRIETO ROCA

Autor prolífico cunha longa traxectoria no teatro galego e numerosos premios polos seus traballos, que inclúen espectáculos infantís e traballos de docencia. Este autor adoita ser actor nos seus traballos, nos que predomina o carácter cómico. ***Fobias*** conta unha estrafalaria sesión de terapia de grupo na que cada personaxe ten unha fobia distinta. José Luis Prieto xa conta co Max 2003 ao Mellor Autor Teatral en Galego por ***Monólogo do Imbécil***.

Fobias: **Autor Teatral en Galego** José Luis Prieto Roca; **Director de Escena** Lino Braxe; **Escenografía:** Paco Conesa; **Figurinista:** Paco Conesa; **Deseño de Iluminación:** Miguel Soto; **Actriz Protagonista:** Rosa Álvarez, Belén Constenla, Flor Maceiras, Iolanda Muíños.



UN ATENEO PARA O SÉCULO XXI

Hai un ano que publicamos no número 15 desta revista *Atenea*, con grande ilusión, unha reportaxe sobre a nova sede para a nosa entidade.

Diante das noticias aparecidas na prensa, que facían dubidar da veracidade deste importante proxecto, queremos clarexar a todos os socios e socias e á cidadanía en xeral como está a situación nestes momentos, despois de varios encontros con diversos responsables e técnicos.

1°) O proxecto realizado polo estudo ALCALÁ ARQUITECTURAS vai ser respectado na súa totalidade.

2°) A acomodación no mesmo espazo de dúas entidades máis, unha delas probablemente de carácter provisorio, farase sobre a distribución do proxecto e de común acordo entre as partes implicadas.

3°) Respectando a filosofía presentada polo ATENEO na solicitude de reformas e mellora da súa sede social é polo que se mantén na súa esencia e integridade o proxecto tal como foi concibido, garantindo así mesmo o respecto a os acordos de corporacións anteriores.

Como síntese das propostas do noso proxecto reproducimos tres parágrafos da reportaxe publicada hai un ano, que recollen o máis salientable da mesma.

Dous edificios e unha función, unha tribuna para a cultura, para a arte e o pensamento, para o mundo do progreso. Un reto, valorar o existente e resaltar a funcionalidade do novo espazo sen esquecer nunca que o ámbito de actuación se atopa no Barrio da Magdalena. Seguindo estas premisas, a proposta materialízase en dúas actuacións fundamentais, interior e exterior, relacionadas íntimamente.

Un espazo de unión e de encontro, un espazo distribuidor e ordenador de estancias, integrador, unha transición entre os dous edificios resolta con baleiros e elementos de comunicación como escaleiras e ascensores e unha suave rampla que serve ademais para salvar a diferenza de cotas entre un edifico e outro.

Dous edificios e un obxetivo. Incorporándose á antiga sede 758,19 m2 distribuídos entre o vestíbulo, cafetería, aulas, biblioteca, sala de lectura, baños e circulacións, que permiten desenvolver con maior facilidade e comodidade as actividades realizadas pola sociedade e cun orzamento que ascende á cifra de un millón sesenta e oito mil catrocentos tres euros (1.068.403,00 euros).

Pero no fondo, a razón de ser de todo isto é:

- Facer viable o ATENEO FERROLÁN proporcionándolle medios e nivel acorde cos tempos.
- Facer realidade o USO dunha propiedade que é de todos os ferroláns, tendo a convicción, o ATENEO, de que estamos dando axeitada resposta ao noso slogan:

"UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA E PARA TODOS".

- Dar resposta igualmente á herdanza dunha entidade centenaria que co tempo se fai máis necesaria.



O PRÓXIMO DÍA 8 ABRIL 2º ANIVERSARIO DO ASASINATO DE JOSÉ COUSO

A FAMILIA DE JOSE COUSO CONMEMORARÁ O SEGUNDO ANIVERSARIO DA SÚA MORTE CON CONCENTRACIÓNS EN MADRID E ESTADOS UNIDOS

A familia do cámara de Telecinco José Couso conmemorará o segundo aniversario da súa morte con dúas concentracións paralelas, unha en Madrid e outra fronte a algún edificio institucional dos Estados Unidos, como o Pentágono ou a Casa Branca.

O acto de Madrid terá lugar fronte á Embaixada dos Estados Unidos, como veñen facendo os días 8 dos últimos vintetrés meses.

O acto que se celebrará nos Estados Unidos nesa mesma data será o peche a unha campaña que David e Javier Couso iniciarán a finais desta semana e que se prolongará durante 25 días, baixo o lema "Break the impunity" (Rompamos a impunidade).

Nesta xira polo país norteamericano, reuniranse con asociacións de vítimas do 11-S, con familiares de militares mortos en Iraq, con congresistas e senadores do "lobby antiguerra" e con asociacións de dereitos humanos.



CREADO O PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA.

O galardón, unha estatuíña que leva por nome "Ás ceibes", realizado por **Manuel Patinha**, lembra e rende homenaxe ao cámara galego José Couso, asasinado por soldados estadounidenses no Hotel Palestina de Bagdad durante a invasión de Iraq en 2003.

O **Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG)**, creado pola Lei do Parlamento galego 2/99 do 24 de febreiro, e o **Club de Prensa de Ferrol**, realizan a primeira convocatoria do Premio José Couso de Liberdade de Prensa, co obxectivo de recoñecer e difundir o traballo dunha persoa viva ou organización existente destacada na defensa da liberdade de prensa ou cunha destacable traxectoria profesional, libre e independente. **Caixanova**, sensible ao desenvolvemento do exercicio profesional dos periodistas, ofrece o seu apoio decidido para materializar a iniciativa.

José Couso foi disparado o 8 de abril de 2003 mentres realizaba o seu traballo para os informativos de Telecinco. No mesmo ataque faleceu o tamén cámara ucraíno Taras Protsyuk. Os organizadores queren personalizar na figura de Couso a todos aqueles xornalistas, galegos ou non, que cada ano son asasinados, maltratados ou privados dos seus dereitos como persoas e como informadores.



ANNA POLITKOVSKAYA, MARUJA TORRES E PATRICK MIGNON, PREMIOS DE PERIODISMO "VÁZQUEZ MONTALBÁN"

A xornalista rusa **Anna Politkovskaya**, **Maruja Torres** e **Patrick Mignon** foron galardoados co **I Premio Internacional de Periodismo Vázquez Montalbán**. Os premios outorgáronse en febreiro de 2005 nas dúas categorías: periodismo cultural e político e en deportivo. Politkovskaya e Torres o gañaron *ex aequo* na categoría cultural e política, mentres que Mignon o gañou no deportivo.

O xurado premiou a Politkovskaya polo traballo periodístico das súas obras, Terror *en Chechenia*, *Una guerra sucia* e *La deshonra sucia*, mentres que a Maruja Torres se lle recoñece a súa actividade periodística en *El País* e nos seus libros de reportaxes. No apartado de periodismo deportivo, Mignon recibe o premio polo seu artigo "Violencia en el fútbol, también un problema político", publicado no diario *La Vanguardia* o 16 de novembro de 2003.


Maruja Torres


Anna Politkovskaya



HOMENAXE CIDADÁ AO XENERAL GABEIRAS

Comité Cidadán de Emerxencia. Ferrol, 1 de marzo de 2005

Pese ás frías temperaturas, unhas 300 persoas participaron na homenaxe cidadá ao xeneral D. José Manuel Gabeiras Montero, que tivo lugar este pasado domingo baixo unha carpa na Praza Vella de Ferrol, no mesmo lugar onde en setembro de 2001 pronunciara o seu derradeiro discurso público alertando dos perigos e riscos do proxecto de Reganosa dentro da ría de Ferrol. O Comité Cidadán de Emerxencia, que entón nomeou ao xeneral Gabeiras o seu Presidente de Honor, agora tras o seu falecemento organizou esta homenaxe cidadá en colaboración co Concello de Ferrol e as Confrarías de Mariscadores de Ferrol e Barallobre.

O acto centrouse na figura do xeneral Gabeiras, unha persoa de recoñecida calidade humana, comprometida na defensa da democracia e as liberdades, en momentos difíciles, comprometida tamén coa súa terra e as súas xentes, e nos seus últimos anos comprometida co desenvolvemento sostible da ría de Ferrol. Presentada pola periodista Patricia Hermida, a homenaxe iniciouse coa lectura dun escrito de adhesión do escritor francés Dominique Lapierre, onde manifesta: *"Estou con todo o meu corazón nesta triste ocasión do falecemento do xeneral Gabeiras. Estou seguro de que todos vostedes continuarán a súa acción de xustiza ao servizo de todos os cidadáns de Ferrol. Con toda a miña simpatía. Dominique Lapierre."*

Estaban presentes tres dos fillos do xeneral José Gabeiras Montero, representantes da vida social e cultural de Ferrolterra, así como políticos que destacaron a súa lealdade á democracia e lembraron ao xeneral Gabeiras como un home valente e coherente, aínda sen valorar suficientemente, que na dura xornada do 23-f do ano 1981 impediu que o xeneral Alfonso Armada dese os pasos necesarios para o triunfo da tentativa golpista de Tejero. Mostrando a súa fidelidade á Constitución, mantívose cerca do Rei Juan Carlos, controlou persoalmente os movementos de Armada e comunicou ao Xeneral golpista Miláns del Bosch o seu arresto e substitución do mando.

Escoitáronse por megafonía unhas palabras de D. Jose Gabeiras no acto público do ano 2001, acompañadas de fotos do mesmo e da súa viaxe ese ano a Bruxelas presidindo unha delegación do Comité Cidadán para entrevistarse con europarlamentarios e presentar unha denuncia na Comisión Europea por incumprimento da lexislación comunitaria no proxecto de Reganosa.

Os oradores políticos que interviron polas súas relacións co xeneral Gabeiras e polo seguimento nos seus últimos anos da súa preocupación polo medio ambiente foron Xaime Bello, que era alcalde de Ferrol no ano 2001 e agora é vicepresidente da Deputación Provincial, Mercedes Carvajales, concelleira socialista no Concello de Ferrol e Juan Fernández, que é tenente de alcalde do Concello de Ferrol.

Por parte das asociacións interviron Eliseo Zaera, presidente do Ateneo Ferrolán; Luz Marina Torrente, presidenta da Plataforma de Veciños de Meha Mugardos; Azucena Muíño, presidenta da Federación de Veciños Roi Xordo; Manuel Rodríguez, presidente de Fuco Buxán e Carmelo Teijeiro, coordinador do Comité Cidadán de Emerxencia. Todos eles, ademais de lembrar algúns dos momentos vividos con D. José Gabeiras, destacaron a confianza de que a **Planta de Gas se ubique no litoral exterior da ría de Ferrol**, e manifestaron que continuarán con actuacións en contra do actual proxecto dentro da ría de Ferrol, á marxe do avanzado das súas obras. Así mesmo, lembraron que, no cumprimento do deber para a defensa do desenvolvemento sostible e da liberdade de expresión, D. José Gabeiras deixa un legado, polo que despois do seu falecemento confirmarano como Presidente de Honor *in aeternum*, e manifestaron que esa parte do legado seguirá a facer historia por quen con el veñen compartindo as preocupacións polo medio ambiente e pola democracia.

A poesía expresou unhas palabras moi emotivas a través de José Torregrosa, Rosa Fonte e Eva Veiga con textos dos que eles mesmos son autores. José Torregrosa recitou o poema *Al General Gabeiras*. Rosa Méndez recitou *Han de calar as gaivotas*, e Eva Veiga recitou *Carta al General Gaberias*.

A música puxo sentimento ao acto con melodías do gaiteiro de Narón Víctor José Agulló e a marabillosa voz da ferrolá María Manuela. Víctor José Agulló, mestre de gaita da agrupación Artabria, interpretou a melodía *Caraveliño colorado*, o *Fandango para una soia gaita* e as muiñeiras *Loliña* e *Cabanas*. María Manuela recitou o poema *Irmaus* de Celso Emilio Ferreiro e cantou o emotivo *Alalá das Mariñas* acompañada coa música de gaita de Víctor Agulló.

Para finalizar, Rafael Gabeiras, fillo de D. Jose Gabeiras, interviu en representación da súa familia agradecendo a celebración desta homenaxe cidadá.









APROBADA POR UNANIMIDADE NA ASEMBLEA CELEBRADA O PASADO 3 DE MARZO A ÚNICA CANDIDATURA PRESENTADA PARA A XUNTA DIRECTIVA DO ATENEO FERROLÁN

PRESIDENTE:	ELISEO ZAERA RÍOS
VICEPRESIDENTA:	HORTENSIA PÉREZ LANDEIRA
SECRETARIA:	BEATRIZ SESTAYO DOCE
TESOUREIRO:	MIGUEL PÉREZ ENGUÍDANOS
CONTADOR:	MIGUEL LLANOS GRANADO
BIBLIOTECARIA:	DOLORES ORUEZABALA ROMERO
VOCAIS:	XOSÉ LASTRA MURAIS VÍCTOR FERNÁNDEZ GABEIRAS JUAN GALDO GARCÍA MIGUEL JUSTO FERNÁNDEZ CÉSAR MANSO PLATAS ANDRÉS MEIZOSO ALONSO JUAN GARMENDIA DÍAZ

APROBOUSE tamén o **AUMENTO DAS COTAS** dos socios e socias desta entidade a partir do **1 DE ABRIL**. Este aumento xa fora aprobado na asemblea do ano 2000, na que se acordou aumentar cada ano o IPC, para aplicalo á cota ao chegar a unha cantidade redonda. A partir de agora o aumento será:

1 euro ADULTOS e **0,50 euro MENORES**

PROPOSTA DE DEBATE – FORUMS AXENCIA EUROPEA PARA A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

IMPORTANCIA DAS CUESTIÓNS DE XÉNERO NA AVALIACIÓN E A PREVENCIÓN DE RISCOS

"Las mujeres nunca descubren nada; les falta, desde luego, el talento creador, reservado por Dios para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres nos dan hecho".

Pilar Primo de Rivera, 1942

A "carga de traballo" refírese ao traballo remunerado e ao traballo non remunerado "socialmente productivo". Esa carga de traballo está desigualmente distribuída entre homes e mulleres, sendo maior a presión do traballo non remunerado no caso das mulleres. Son máis as mulleres que realizan un traballo non remunerado, polo que a carga de traballo total para elas é maior do que se recoñece. O traballo non remunerado que fan as mulleres diferénciase do dos homes en que é relativamente urxente (por exemplo, coidar persoas maiores ou enfermas e ocuparse dos nenos).

Mentres que a división do traballo depende de aspectos culturais, o "principio xerárquico" non distingue entre culturas. Incluso nas sociedades nas que as mulleres traballan, o seu traballo considérase inferior ao dos homes. Nas culturas nas que traballan ambos, hai unha segregación no mercado laboral: o 55 % das mulleres traballa en lugares onde son predominantes.

A dimensión de xénero das condicións de traballo

Mentres que os homes son con maior frecuencia vítimas de accidentes graves, as mulleres sofren durante máis tempo enfermidades ou trastornos ocasionados polo traballo. Eles poden morrer mentres que, en xeral, elas padecen por causa do traballo. Isto pode dar lugar a un erro á hora de avaliar a carga de traballo, xa que as mulleres adoitan soportar unha carga menor, pero durante máis tempo. Por outra parte, os homes reciben máis formación que as mulleres no traballo, o que afecta á súa capacidade para traballar con seguridade.

A cuestión da invisibilidade

O proceso de toma de decisións está dominado polos homes. As enfermidades que sofren as mulleres son con frecuencia invisibles, problema que tamén ten que ver con cuestións de investigación: nela a miúdo non se ten en conta ás mulleres, xa que a atención se dirixe ás áreas de alto risco. O centro de atención con frecuencia está determinado economicamente, e dáse prioridade ás actividades máis custosas (é dicir, masculinas).

As cuestións de xénero non están incluídas na investigación (por exemplo, os ciclos menstruais). A investigación de tendencia masculina constitúe a base da actuación preventiva e é inadecuada para as mulleres.

Durante a II Guerra Mundial as mulleres traballaron en fábricas debido á falta de homes, e as máquinas adaptáronse por razóns prácticas. Agora tamén hai que revisar as condicións de traballo que constitúen un obstáculo para o emprego mixto. Tanto homes como mulleres deberían ter acceso a unhas condicións de traballo seguras e saudables.

Emprego marxinal

Durante unha recesión a xente acepta unhas condicións menos favorables que as que aceptaría normalmente, como por exemplo, unha

xornada reducida. Pero ditos reximenes de traballo poden ir en detrimento da saúde. A miúdo os traballadores a tempo parcial carecen do mesmo nivel de protección que os traballadores a tempo completo. Quizá lles falten posibilidades de promoción profesional e iso pode afectar á saúde do individuo.

No caso das mulleres, é máis frecuente que o seu soldo non reflicta o seu rendemento. Nun traballo tipicamente feminino, as cualidades "femininas" considéranse implícitas e non se mencionan na descrición do posto de traballo, de modo que non se consideran incluídas na carga de traballo. Este tipo de traballo presenta un baixo nivel de prevención. Quizá se asume que os empregos que se asemellan ao "traballo doméstico" son "seguros".

Hai máis mulleres empregadas en entidades de menor tamaño, que tenden a dar menos importancia ao estrés.

Qué ter en conta no futuro

A política de xénero considérase un tema de recursos humanos; a de saúde e seguridade, non. Esta última debería prestar atención ás cuestións de xénero máis sistematicamente. Tería que haber unha coherencia entre a igualdade de oportunidades e a política de saúde e seguridade no traballo, por exemplo, na prevención de trastornos musculoesqueléticos, a declaración de enfermidades profesionais, etc.

Os indicadores tradicionais sobre os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais non permiten enfocar adecuadamente as cuestións de xénero, e necesítanse outros novos. A investigación sobre a saúde e a seguridade no traballo debería incluír unha maior análise da interacción coa vida "extralaboral". Teríanse que valorar as propias experiencias dos traballadores e traballadoras.

Texto baseado nun informe elaborado sobre o seminario práctico por Kristina Kjaer Helgstrand, investigadora do Instituto Nacional de Saúde Ocupacional, Dinamarca.

ALGÚNS PUNTOS DE DEBATE:

• Os indicadores tradicionais de accidentes laborais e as enfermidades profesionais non permiten un enfoque apropiado dos temas de xénero.
• Durante unha recesión, a xente acepta unhas condicións menos favorables do que o farían normalmente.
• Os homes reciben máis formación que as mulleres no traballo.

DEZ ANOS DESPOIS DO COMPROMISO DE PEQUÍN A SITUACIÓN DA MULLER NO MUNDO, A DEBATE NA ONU

NOVA YORK.- *A violencia, a discriminación e a falta de educación e oportunidades das mulleres ocuparon un lugar prominente nas discusións de Nacións Unidas durante o mes de marzo. Dez anos despois do compromiso alcanzado en Pequín para avanzar na igualdade de xénero, a ONU fará balance e buscará solucións para loitar contra a desigualdade que aínda existe.*

En 1995 creouse a **Plataforma de Acción**, *un marco global para poñer fin á discriminación. Ese documento era básico para colmar as lagoas en doce áreas consideradas de especial preocupación, entre elas as de saúde, educación, emprego, participación política e dereitos humanos.*

Numerosos países estarán representados por ministras e terán como base informes realizados polo secretario xeral da ONU, **Kofi Annan**, *e o Banco Mundial.*

O informe de Annan subliña que as mulleres son aínda as **maiores víctimas do tráfico de persoas** *e representan o segmento da poboación máis pobre en moitos países. Ademais, destaca que está en aumento o número de mulleres afectadas polo virus da sida e que as taxas de mortalidade entre a poboación feminina continúan sendo inaceptables.*

Kofi Annan, Secretario xeral da ONU, exporá na apertura da reunión os aspectos de traballo que considera prioritarios:

1- Mellorar a taxa de escolarización das nenas.

2- Garantir o acceso de todas as mulleres á saúde en materia sexual e reprodutiva.

3- Investir nas infraestructuras para reducir o tempo pasado polas mulleres ao facerse cargo das súas familias.

4- Garantir os seus dereitos en materia de propiedade e herdanza.

5- Eliminar as discriminacións no traballo.

6- Aumentar as proporcións de mulleres nos parlamentos locais e nacionais, e combater todas as formas de violencia contra nenas e mulleres.

Segundo Rachel Mayanja, asesora especial de Annan para temas da muller, a análise mostra que **se lograron avances na maioría das rexións**, *pero nalgunhas áreas críticas "foron desiguais e demasiado lentos", ademais de ter unha profunda brecha entre a teoría e a práctica.*

Unhas seis mil ONG inscribíronse para a reunión, que se espera que conclúa coa **adopción dun documento que reitere os compromisos** *adoptados e insista en poñelos en práctica.*

Varias organizacións denuncian as **leis discriminatorias** *de moitos países, como as de* **"obediencia da esposa"** *vixentes en Sudán e o Iemen, ou o código penal de Nixeria, que permite ao marido usar a violencia para castigar á muller, sempre que non supoña un dano grave, como a perda de visión, do oído, a fala ou unha desfiguración facial.*

Os debates desenvolvéronse no marco de sesións da **Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller** *e coñécense popularmente como "Pequín+10".*



GIMNASIA CASERA

Una mujer que tenga que atender a las faenas domésticas con toda regularidad, tiene ocasión de hacer tanta gimnasia como no lo haría nunca, verdaderamente, si trabajase fuera de su casa. Solamente la limpieza y abrillantado de los pavimentos constituye un ejemplo eficacísimo, y si se piensa en los movimientos que son necesarios para quitar el polvo de los sitios altos, limpiar los cristales, sacudir los trajes, se darán cuenta que se realizan tantos movimientos de cultura física que, aun cuando no tienen como finalidad la estética del cuerpo, son igualmente eficacísimos precisamente para este fin.

Teresa, revista de la Sección Femenina, marzo de 1961. Reportaje sin firma



LORENZO VARELA (1916 – 1978) LETRAS GALEGAS 2005

EMIGRANTE

¿Quén son eu, quén me trouxo,
quén me ten de levar?
Lonxe quedou o muiño,
Tamén lonxe o piñeiral.
¿Quén é o veciño meu,
o polaco que chora ardentes bágoas,
ise loiro rapaz que non vai ó traballo
porque dí que o mencer ten veneno de serpe?

¿Quén son eu, quén me trouxo?
¿E quén me levará diste inferno das moedas
ó ceu da caridá?

¡Meu muiño de pan!
¡Meu piñeiral!
¡Meu lar!

DOLMEN

Camiño do tempo vello,
camiño do tempo novo:
pedra dos tempos sin tempo,
pedra dun ollar sin ollo.

Semente do azar primeiro,
centella inmóvel da terra:
si latexara o teu peito,
ou si te voltaras de herba.

Si voaras, si tiveras
estrelados aguiares.
Si te romperas, penedo,
e deras a luz que sabes.

Feixe de raios ou dolmen,
lume gardado no ren,
tes xeito e alma de home
cun día quixo nascer.

É sagrado o teu silenzo:
ao pé de ti fala a choiva,
sobor de ti canta o vento
e dentro de ti, ti escoitas.

Camiño do tempo vello,
camiño do tempo novo:
pedra dos tempos sin tempo
pedra dun ollar sin ollos.

Lorenzo Varela

A PACHUCHIÑA, ANDRÉS E HILARIO
(Hai outros que están ben mortos)

AMÓSATE

¡ AMÓSATE
SOMBRA DE MERDA!
¿QUEN ES TI PARA INQUEDAR!
A SINXELA XENTE?
¿CANTOS DOS MELLORES
PENSAS LEVAR IMPUNEMENTE?
POBRES DOS QUE FIQUEN
E LLES QUEDE CHORAR SOMENTES

MAIS ... ¡OLLA!, ¡CREME! :

SI ALGO ME XERA ESTUPOR
É A CRUEL FRIALDADE
CON QUE ESQUECES A DOR.
LEVAS UN ANO ALDRAXÁNDONOS
PRIVÁNDONOS DOS NOSOS.
QUIXERA CRER QUE HAI UN DEUS
PARA POSTRARME EN XEONLLOS
MESMO ANTE O MESMO ZEUS.

MAIS ... NONO HAI :

SOMENTES HAI RUTINA ...
... DE VIDA E DE MORTE ...
DIN QUE SON COUSAS DA VIDA
PARA O QUE SO SERVEN OS FORTES
(DE NADA SERVEN QUEIXUMES
SE NON CHEGAN A NINGURES) ... DIN

SEN EMBARGO, QUIXERA SABER :
¿QUEN ES TÍ, SOMBRA DE MERDA
- DADO O TEU PROCEDER -
PARA MUDARNOS DAS NOSAS ARELAS?
E POR ISO DÍGOCHE:
¡ AMÓSATE ¡
¡AMÓSATE A MIN!
BEN SABES QUE TE BUSCO
DENDE QUE NACÍN

Tono da Graña (57 aniversario)



O RITMO emocional, crea
a busqueda da admosfera
intensa e suxestiva,
da expresión asumida
pola inhibición dos sentidos
que instrumentan a liberdade
íntima do pensamento.

John Coltrane desgrana co saxo
un regueiro de estrelas firentes,
na pel da luminosidade.

O talante permisivo de intensidade
co compromiso da busqueda,
expresa a lumarada emerxente do talento.
A individualidade do pracer
simboliza a contemplación maravillosa
que descubre o circuito tremelante
do ser evanescente que é a música.

Miles Davis fai das dificultades metálicas
un ronsel de notas armoniosas.





EL ritmo emocional, crea
la búsqueda de la atmósfera
intensa y sugestiva
de expresión asumida
por la inhibición de los sentidos
que instrumentan la libertad
íntima del pensamiento.

John Coltrane desgrama con el saxo
un reguero de estrellas hirientes,
en la piel de la luminosidad.

El talante permisivo de intensidad
con el compromiso de búsqueda,
expresa la luminosidad emergente del talento.
La individualidad del placer
simboliza la contemplación maravillosa
que descubre el circuito tembloroso
del ser evanescente que es la música.

Miles Davis hace de las dificultades metálicas
una estela de notas armoniosas.

Mª do Carme Kruckemberg

3 para setembro

EN

COCO E AS MULLERES


















COVELO + BENLLOCH 2004



Grande Espectáculo de Folclore Mexicano

Venres día 15 de Abril de 2005 ás 20 horas
Auditorio Fimo (A Malata)

Ballet Folclórico
"DEL NUEVO SANTANDER"
Presenta:

"de norte a sur... música y danzas de México"

- Dende Tamaulipas (Antiga Colonia "Del Nuevo Santander") até Chiapas pasando por Jalisco, Veracruz e Yucatán, Policromía artística mexicana.
- Un elenco artístico de 34 persoas exhibirán o colorido da música e a danza da "Nova España".

Aportación do público 6 euros · Socios do Ateneo 3 euros (retirar o pase no Local Social).

Coa colaboración de:




Concello de Ferrol
CULTURA

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -





Eliseo Zacra Ríos



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org